

c) Deben existir procedementos para rexistrar deficiencias e confirmar que se rectificaron, de modo que o capitán e a persoa designada en terra, que debe formar parte da xerencia da compañía, coñezan esas deficiencias e o feito de que se emendaron nun prazo especificado. A comprobación periódica do funcionamento dos mecanismos de peche das portas exteriores e interiores de proa debe incluí-los indicadores, equipo de vixilancia e calquera embornal situado nos espazos entre o helmo de proa e a porta interior e, en especial, os mecanismos de peche e os sistemas hidráulicos a eles asociados.

21. Viaxe: cando se realice unha viaxe deberá aproveitarse a ocasión para determinar se hai a bordo un número excesivo de persoas, se a dispoñibilidade de asentos é suficiente e se os corredores, escaleiras e saídas de emerxencia están bloqueados con equipaxes ou pasaxeiros sen asento. Comprobarase que non quedan pasaxeiros na cuberta de vehículos inmediatamente antes de que o buque zarpe, nin se permite o acceso da pasaxe ata inmediatamente antes do amarre.

ANEXO V

Criterios de cualificación e independencia para os inspectores cualificados

[Conforme o parágrafo q) do artigo 2]

1. O inspector cualificado deberá estar facultado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante para efectuar os recoñecementos específicos previstos no artigo 6 deste regulamento.

2. O inspector cualificado deberá cumprir unha das dúas seguintes series de requisitos:

1.º Primeira serie de requisitos:

A) Ter cumprido un mínimo dun ano ó servizo da Administración marítima dun Estado membro en calidade de inspector do Estado de abandeiramento, ocupándose de labores de recoñecemento e certificación de acordo co disposto no Convenio SOLAS de 1974, ademais de cumprí-los requisitos de titulación que seguidamente se expoñen.

B) Titulación: a das alíneas a), b) ou c) que a continuación se expoñen:

a) Título de capitán, que o capacite para exercer o mando dun buque de arqueación igual ou superior a 1.600 GT, consonte o Convenio STCW, regra II/2.

b) Título de maquinista naval xefe, que o capacite para desempeñar esa función a bordo dun buque que teña unha máquina propulsora principal cunha potencia igual ou superior a 3.000 kW, de acordo co Convenio STCW, regra III/2.

c) Título de enxeñeiro naval, enxeñeiro industrial mecánico ou enxeñeiro nalgunha especialidade relacionada co sector marítimo, expedido nun Estado membro, e ter traballado como tal durante cinco anos, como mínimo.

C) Os inspectores que se mencionan nas alíneas a) e b) deberán ter traballado durante un período mínimo de cinco anos no mar como oficiais na sección de ponte ou na sección de máquinas, respectivamente.

2.º Segunda serie de requisitos, que non son alternativos, senón que deben cumprirse conxuntamente:

A) Ter unha titulación universitaria adecuada ou unha formación equivalente recibidas nun Estado membro.

B) Ter recibido formación e titulación nunha escola de inspectores de seguridade de buques dun Estado membro.

C) Ter traballado, polo menos, dous anos ó servizo da Administración marítima dun Estado membro como inspector do Estado de abandeiramento, ocupándose de labores de recoñecemento e certificación conforme o disposto no Convenio SOLAS de 1974.

3. O inspector cualificado deberá ser capaz de comunicarse verbalmente e por escrito en castelán ou ben, se este non fose idioma común, en inglés cos tripulantes.

4. O inspector cualificado deberá coñecer adecuadamente as disposicións do Convenio SOLAS de 1974 e os procedementos pertinentes previstos neste regulamento.

5. O inspector cualificado que leve a cabo recoñecementos específicos non poderá estar vinculado por ningún interese á compañía afectada nin a ningunha outra que preste servizo regular con orixe ou destino en España, nin ó transbordador de carga rodada ou nave de pasaxe de gran velocidade inspeccionados, nin tampouco estará empregado por sociedades de clasificación que realicen recoñecementos obrigatorios ou de clasificación ou lle expidan certificados a tal transbordador de carga rodada ou nave de pasaxe de gran velocidade, nin traballará por conta destas últimas.

6. Aceptaranse tamén inspectores que non cumpran os criterios expostos se na data de entrada en vigor do Real decreto 1621/1997, do 24 de outubro, derrogado posteriormente polo Real decreto 768/1999, do 7 de maio, estaban ó servizo da Dirección Xeral da Mariña Mercante para recoñecementos obrigatorios ou para as inspeccións do control do estado do porto.

21432 *REAL DECRETO 1837/2000, do 10 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de inspección e certificación de buques civís. («BOE» 285, do 28-11-2000.)*

O artigo 86.5 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, na súa versión actual, modificada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro (en diante LPEMM), encoméndalle ó Ministerio de Fomento a competencia sobre ordenación e execución das inspeccións e controis técnicos, radioeléctricos, de seguridade e de prevención da contaminación do medio mariño de tódolos buques civís españois, dos que se atopen en construción en España e dos estranxeiros nos casos autorizados polos acordos internacionais.

Desde principios de século foron tres as disposicións normativas que, con rango de real orde, en primeiro lugar, e decreto posteriormente, constituíron o marco legal para a ordenación e regulación das actividades de inspección e certificación de buques. Por real orde do 25 de novembro de 1909 promulgouse o Regulamento de recoñecemento de embarcacións mercantes, substituído máis adiante polo Decreto 1362/1959, do 23 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións mercantes, amplamente revisado polo Decreto 3384/1971, do 28 de outubro, a vixencia do cal se estendeu ata a data.

O artigo 1-12 deste último prevía que os preceptos do regulamento deberían ser periodicamente revisados, en prazos non inferiores a tres anos nin superiores a dez, co fin de recolle-las ensinanzas da experiencia na súa aplicación e levar a cabo as modificacións ou adap-

tacións que aconsellasen os adiantos tecnolóxicos. Tales previsións, sen embargo, non se cumpriron e o Regulamento de 1971 mantívose inalterado no substancial, circunstancia que puxo de manifesto a súa inadecuación ós avances técnicos e ó marco xurídico existentes na actualidade, tanto no ámbito internacional coma no nacional.

No que afecta á Organización Marítima Internacional, non só se produciu a aparición dunha nova versión do Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar de 1974 (SOLAS), en vigor desde 1980, de transcendental importancia para o contido do regulamento, emendada na actualidade mediante un gran número de resolucións e complementada cunha extensa lista de códigos internacionais de obrigado cumprimento de acordo coas disposicións do convenio, senón que se adoptaron, entraron en vigor e se emendaron novos convenios de gran relevancia, como o Convenio internacional para previla contaminación no mar polos buques, MARPOL 73/78, e numerosos códigos, resolucións, recomendacións e directrices que afectan de forma directa ou indirecta á realización de actividades inspectoras dos buques.

Pero nesta materia é, se cabe, de maior transcendencia o feito da incorporación de España á Unión Europea, o que require a adaptación do marco xurídico español ó comunitario. Nos últimos anos foi adoptada, en forma de directivas ou regulamentos, abundante normativa atinente á seguridade marítima, que afecta sensiblemente ós contidos relativos á inspección e certificación de buques.

A rápida evolución da normativa internacional require a elaboración dun novo regulamento regulador das funcións de inspección marítima e precisa, ademais, que se habilite un procedemento de revisión das súas disposicións, que permita incorporar dunha forma áxil e rigorosa tódalas modificacións que se vaian producindo.

Os profundos cambios que desde 1971, coa anterior Subsecretaría de Pesca e Mariña Mercante, experimentou a organización administrativa, reclaman igualmente a adecuación das actividades de inspección e control marítimos. A reorganización e modernización da Administración marítima no ámbito periférico, emprendidas a partir da entrada en vigor da LPEMM, coa creación das capitanías marítimas como novos órganos periféricos de carácter exclusivamente civil, deu por concluída a delegación de funcións marítimas civís que viñan exercendo as comandancias e axudantías militares de mariña e estableceu unha separación clara da xestión administrativa da mariña civil. De acordo co Real decreto 1246/1995, do 14 de xullo, polo que se regula a constitución e creación das capitanías marítimas, a adscrición dos servicios de inspección ás ditas unidades deu lugar á creación das áreas de inspección marítima. O novo réxime das funcións de inspección e certificación de buques debe acomodarse, loxicamente, á dita estrutura organizativa.

O Regulamento de inspección e certificación de buques civís que agora se aproba presenta, polo demais, dúas importantes novidades sistemáticas, que afectan ó seu ámbito de aplicación e ó seu contido. Amplíase aquel, de conformidade co disposto no artigo 6.1.g) da LPEMM, para comprender, ademais das actividades inspectoras reguladas no Regulamento de 1971, as inspeccións e controis radioeléctricos, as inspeccións operativas, os procedementos de carga, descarga, estiba e desestiba da carga a bordo do buque e as actividades, competencia e cualificación da tripulación. Non se recollen, polo contrario, boa parte das regras e disposicións de carácter técnico, e polo tanto cambiantes, que os capítulos II e III do anterior regulamento regulaban polo miúdo, remitindo a súa aprobación ás futuras normas de desenvolvemento do novo regulamento.

O regulamento estrutúrase en tres títulos. O título I («Principios xerais e organización») determina o obxecto e ámbito de aplicación do regulamento, o alcance e contido das inspeccións e controis por el regulados, as exencións e excepcións que se teñen en conta e a organización e ordenación da actividade inspectora.

O título II («Da actividade inspectora») establece as regras e principios rectores da función inspectora, as súas formas de iniciación e finalización, as actividades de inspección que hai que manter durante o proceso de construción dun buque, a súa transformación, reparación, reforma ou modificación, e durante o seu servicio, así como os principios xerais da aprobación e homologación de aparellos, elementos, materiais e equipos que han de ir instalados a bordo de buques de pavillón español. As normas deste título son aplicables ós buques de pavillón español, ós que se constrúen en España destinados á exportación, ós buques de pavillón estranxeiro que entren nun estaleiro español para seren transformados ou reparados e ós que fagan escala en portos españois.

O título III («Réxime sancionador») regula, de acordo co marco xeral establecido polo título IV da LPEMM, o exercicio da potestade sancionadora da Administración marítima respecto das actividades de inspección e certificación de buques.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de novembro de 2000,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de inspección e certificación de buques civís.*

Apróbase o Regulamento de inspección e certificación de buques civís que figura como anexo a este real decreto.

Disposición adicional primeira. *Funcións de inspección e control de buques realizadas por organizacións autorizadas.*

As funcións de inspección e control de buques, para as que poden ser autorizadas as organizacións de inspección e control de buques recoñecidas de acordo co Real decreto 2662/1998, do 11 de decembro, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e control de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima, poderán ser ampliadas por orde do ministro de Fomento, que determinará, ademais, os requisitos específicos adicionais que deban cumprilas ditas organizacións para seren autorizadas á súa realización.

Disposición adicional segunda. *Técnicos titulados competentes.*

1. Para efectos do disposto nos artigos 22 e 38 do Regulamento aprobado por este real decreto, entenderase por técnicos titulados competentes para a redacción e sinatura de proxectos completos de construción os enxeñeiros navais (en diante cando se faga referencia ó título de enxeñeiro naval, a referencia entenderase feita ós títulos de enxeñeiro naval e enxeñeiro naval e oceánico).

2. Para efectos tamén do disposto nos artigos citados no número anterior, entenderase por técnicos titulados competentes para a redacción e sinatura de proxectos parciais de construción, así como de proxec-

tos de transformación, reforma ou grandes reparacións de buques, os enxeñeiros navais e os enxeñeiros técnicos navais, estes últimos no ámbito da súa especialidade.

3. Para efectos do disposto no artigo 26 e 38 do Regulamento aprobado por este real decreto, enténdese por técnicos titulados competentes para a dirección de obras de construción de buques os enxeñeiros navais, e para a dirección de obras de transformación, reforma ou grandes reparacións de buques, os enxeñeiros navais e enxeñeiros técnicos navais, estes últimos no ámbito da súa especialidade.

Disposición adicional terceira. Inspección e control das embarcacións de recreo.

1. A inspección e control da construción das embarcacións de recreo ás que sexa de aplicación o Real decreto 297/1998, do 27 de febreiro, polo que se regulan os requisitos de seguridade das embarcacións de recreo, embarcacións de recreo semiacabadas e os seus compoñentes, en aplicación da Directiva 94/25/CE, rexeranse polo disposto no dito real decreto.

2. A inspección e control das embarcacións de recreo comprendidas no ámbito de aplicación do Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro, polo que se establecen os recoñecementos e inspeccións das embarcacións de recreo para garanti-la seguridade da vida humana no mar e se determinan as condicións que deben reuni-las entidades colaboradoras de inspección, durante a súa etapa en servizo, regularanse polo disposto no devandito real decreto e, supletoriamente, polas prescricións do Regulamento de inspección e certificación de buques civís.

Disposición adicional cuarta. Ampliación de facultades para as organizacións autorizadas.

1. Ampliáanse as facultades que se lles outorgan ás organizacións autorizadas polo artigo 7, 1 do Real decreto 2662/1998, do 11 de decembro, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e control de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima ó seguimento da construción no estranxeiro de buques destinados a enarbora-lo pavillón español mediante a realización das inspeccións e recoñecementos pertinentes.

2. Nos supostos de que algunha organización previamente autorizada a realiza-las actividades expresadas no citado artigo 7, 1 do Real decreto 2662/1998, solicite a ampliación de facultades á que se refire o número anterior, a nova resolución autorizatoria poderá modularlo contido obrigacional da autorización orixinaria en función das novas facultades que se outorgan.

Disposición transitoria primeira. Vixencia de resolucións preexistentes.

As resolucións dictadas en desenvolvemento e actualización técnica das normas contidas nos capítulos II e III do Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións mercantes, aprobado polo Decreto 3384/1971, do 28 de outubro, continuaranse a aplicar, no que non se opoñan ó disposto neste regulamento, mentres non se aproben as ordes ás que se fai referencia na disposición derogatoria segunda.

Disposición transitoria segunda. Certificados.

I. Mentres non entre en vigor a normativa de desenvolvemento do regulamento aprobado por este real decreto, acreditarase o cumprimento do buque coa normativa nacional e internacional aplicable, considerando

por tanto que se encontra en condicións adecuadas de navegabilidade e de prestar eficazmente o servizo para o que foi autorizado, mediante a presentación dos certificados que lle correspondan segundo o seu tipo, clase e características principais, en período de validez.

Os certificados ós que se refire o parágrafo anterior son os seguintes:

1. Certificado de navegabilidade.
2. Acta de estabilidade.
3. Certificado de arqueación.
4. Certificado de francobordo.
5. Certificado de seguridade, de seguridade de construción ou de seguridade de equipo segundo corresponda ó tipo de buque.
6. Certificado de seguridade radioelétrica.
7. Certificado de máquinas sen dotación permanente.
8. Certificado do valor da relación A/Amáx.
9. Certificado do número máximo de pasaxeiros.
10. Certificado de xestión da seguridade.
11. Certificado de prevención da contaminación do mar por hidrocarburos.
12. Certificado de prevención da contaminación para o transporte de substancias nocivas líquidas a granel.
13. Certificados de recepción de residuos,
14. Certificado de material náutico.
15. Certificado de recoñecementos das balsas salvavidas.
16. Certificado de recoñecemento dos medios de carga e descarga.
17. Certificado de recoñecemento da instalación frigorífica.
18. Certificado de aptitude para o transporte de mercadorías perigosas.
19. Certificado de seguridade para o transporte de gran.
20. Certificado de aptitude para o transporte de produtos químicos perigosos a granel.
21. Certificado de aptitude para o transporte de gases licuados.
22. Certificado de seguridade para naves de gran velocidade.

II. Tamén se acreditará o cumprimento das condicións citadas no número anterior mediante a presentación dos seguintes documentos, en regra e segundo corresponda ó tipo de buque en cuestión e ás súas principais características:

1. Resolución relativa á dotación mínima de seguridade.
2. Títulos relativos ó convenio de formación, titulación e garda para a xente de mar 1978/1995.
3. Permiso de operación para naves de gran velocidade.
4. Libro de rexistro de hidrocarburos.
5. Plan de emerxencia a bordo en caso de contaminación por hidrocarburos.
6. Plan de xestión e libro de rexistro de lixo.
7. Arquivo de recoñecementos mellorados para buques petroleiros e graneleros.

Disposición derogatoria primeira. Normas derogadas.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto e, en concreto, as seguintes disposicións do Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións mercantes, aprobado polo Decreto 3384/1971, do 28 de outubro:

- a) O capítulo I.
- b) Os dous primeiros parágrafos e o parágrafo F) do artigo 2-01 do capítulo II.
- c) O artigo 2-04 do capítulo II, e
- d) O capítulo IV.

Disposición derogatoria segunda. *Reducción de rango regulamentario.*

Con excepción do relativo ás embarcacións de recreo, continuarán en vigor con rango de orde, ata que non sexan modificados por orde do ministro de Fomento, os seguintes preceptos do Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións mercantes, aprobado por Decreto 3384/1971, do 28 de outubro:

- a) O capítulo II, excepto os dous primeiros parágrafos e o parágrafo F) do artigo 2-01 e o artigo 2-04.
- b) O capítulo III, e o capítulo V.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Fomento, no ámbito das súas competencias, para dicta-las disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do regulamento aprobado por este real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de novembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

ANEXO

REGULAMENTO DE INSPECCIÓN E CERTIFICACIÓN DE BUQUES CIVÍS

TÍTULO I

Principios xerais e organización

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto do regulamento.*

1. O obxecto deste regulamento é establecer un marco normativo específico que regule as condicións xerais e o procedemento para a realización das inspeccións e controis dos buques previstos no número 5 do artigo 86 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante (LPEMM).

2. Por actividades inspectoras entenderanse tódalas inspeccións e controis, así como recoñecementos, aprobacións, homologacións, certificacións e demais actividades que se realicen en cumprimento do disposto no número 1 deste artigo.

3. As actividades inspectoras terán como obxecto comprobar que o buque, os seus aparellos, elementos, materiais ou equipos, a súa tripulación, a súa carga e os seus procedementos operativos reúnen, respecto ó fin ó que se destina o buque, as prescricións e condicións

aplicables da normativa nacional e internacional vixente en España en materia de seguridade marítima —que para os efectos deste regulamento se entenderá como seguridade da vida humana no mar, do buque e da navegación—, e prevención da contaminación do medio mariño producida desde os buques.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste regulamento enténdese por:

A) Dos convenios internacionais:

1. Convenio SOLAS: Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar 1974, xunto cos seus protocolos, modificacións e códigos de carácter obrigatorio en vigor.

2. Convenio MARPOL 73/78: Convenio internacional para a prevención da contaminación polos buques 1973/1978, xunto co resto dos seus protocolos, modificacións e códigos de carácter obrigatorio en vigor.

3. Convenio de Torremolinos: Convenio internacional de Torremolinos para a seguridade dos buques pesqueiros, 1977, xunto cos seus protocolos, modificacións e códigos de carácter obrigatorio nas súas versións vixentes.

4. Código internacional de xestión da seguridade, Código ISM ou Código CGS: Código internacional de xestión da seguridade operacional do buque e a prevención da contaminación, ó que se refire a regra 1 do capítulo IX do anexo do Convenio SOLAS e aprobado pola Asemblea da organización na resolución A.741(18), xunto coas súas emendas en vigor.

5. Convenio STCW: Convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente de mar, 1978, xunto ós seus protocolos, modificacións e códigos de carácter obrigatorio en vigor.

B) Dos buques:

6. Flota civil española: o conxunto formado pola flota mercante nacional, a flota pesqueira nacional, os buques de recreo e deportivos nacionais e os demais buques civís españois non incluídos nos supostos anteriores, segundo queda definida no artigo 7.1 da LPEMM.

7. Zonas nas que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdicción: consideraranse as definidas no artigo 7.1 da LPEMM.

8. Buque civil: calquera embarcación, plataforma ou artefacto flotante, con ou sen desprazamento, apto para a navegación, e non afecto ó servizo da defensa nacional, segundo queda definido no artigo 8.2 da LPEMM. Para os efectos deste regulamento consideraranse tamén buques civís aqueles artefactos flotantes sen propulsión que, non sendo construídos coa misión específica de navegar, o foron para seren remolcados ou para permanecer ancorados.

9. Desprazamento do buque: peso en toneladas do volume da auga desprazada polo volume de carena do buque.

10. Buque sen desprazamento: buque cun réxime operacional normal que se caracteriza porque o seu peso non está sustentado total ou predominantemente por forzas hidrostáticas.

11. Buque mercante: todo buque civil utilizado para a navegación cun propósito mercantil, excluídos os dedicados á pesca, segundo queda definido no artigo 8.3 da LPEMM.

12. Buque pesqueiro: todo buque equipado ou utilizado con fins comerciais para a captura de peixes ou doutros recursos vivos do mar.

13. Buque de recreo: todo buque proxectado e destinado a fins recreativos ou deportivos, con ou sen ánimo de lucro.

14. Buque de pasaxe: un buque que transporte máis de doce pasaxeiros, segundo queda definido na regra I/2.f do Convenio internacional SOLAS. Para os efectos deste regulamento consideraranse como buques de pasaxe aqueles buques mercantes ou de recreo que transporten máis de doce pasaxeiros.

15. Buque para servicios de porto: remolcadores, lanchas, gabarras, dragas e demais buques ou embarcacións dedicados a prestaren servicios de porto, de salvamento ou outros servicios auxiliares á navegación.

16. Buque de carga: todo buque mercante que non sexa buque de pasaxe nin buque para servicios de porto.

17. Embarcación de recreo: buque de recreo de calquera tipo, con independencia dos seus medios de propulsión, o casco do cal teña unha eslora comprendida entre 2,5 e 24 m medida de conformidade co disposto no número 20 deste artigo.

18. Artefactos flotantes de recreo: embarcacións proxectadas con fins recreativos ou deportivos, dos seguintes tipos:

- a) Piraguas, kaiaks, canoas sen motor e outros artefactos sen propulsión mecánica.
- b) Patíns con pedais ou provistos de motor con potencia inferior a 3.5 kw.
- c) Motos náuticas.
- d) Táboas a vela.
- e) Táboas esvaradías con motor e outros enxeños similares.
- f) Instalacións flotantes fondeadas.

19. Pasaxeiro, segundo queda definido na regra I/2.e do Convenio internacional SOLAS: toda persoa a bordo do buque agás o capitán, os membros da tripulación ou outras persoas empregadas ou ocupadas a bordo do buque en calquera cometido relacionado coas actividades del e os nenos menores dun ano de idade.

20. Eslora total para embarcacións de recreo, (LTER): distancia medida paralelamente á liña de auga de proxecto, entre dous planos perpendiculares á liña de coxía: un deles que pase pola parte máis saínte a popa da embarcación, e o outro pola parte máis saínte a proa da embarcación. Inclúense tódalas partes estruturais ou integrais como son proas ou popas metálicas ou de madeira, amuradas e unións de casco con cuberta. Exclúense tódalas partes desmontables que poidan quitarse de forma non destructiva e sen afecta-la integridade estrutural da embarcación, por exemplo paos ou tangóns, baupreses, púlpitos e outros extremos da embarcación, elementos de goberno, temóns, motores fóra borda incluído soportes e reforzos, transmisións de motores dentro/fóra borda e propulsión jet, plataformas de mergullo, plataformas de embarque, bandas de goma e defensas.

21. Eslora total: distancia medida paralelamente á liña de auga de proxecto, entre dous planos perpendiculares á liña de coxía: un deles que pase pola parte máis saínte a popa do buque, e o outro pola parte máis saínte a proa del.

22. Eslora (L): considerarase igual ó 96 por 100 da eslora total na flotación correspondente ó 85 por 100 do puntal mínimo de trazado medido desde o canto superior da quilla, ou a distancia existente entre a cara proel da roda e o eixe da mecha do temón nesa flotación, se esta última magnitude é maior. Nos buques proxectados con quilla inclinada a flotación de referencia para medi-la eslora será paralela á flotación de proxecto.

Nos buques menores de 15 m de eslora total, poderase tomar como eslora L o 80 por 100 da dita eslora total.

23. Puntal mínimo de trazado: distancia vertical medida de conformidade co disposto no número 5 da regra 3 do Convenio internacional de liñas de Carga,

1966. Para buques pesqueiros tomarase a distancia vertical medida de conformidade co disposto no número 8 do capítulo I do Convenio internacional de Torremolinos modificado polo seu Protocolo de 1993.

24. Arqueación en GT: arqueación do buque calculado de acordo co Convenio internacional de arqueación de buques, 1969, ou o Regulamento CEE 2930/86 do Consello, do 22 de setembro, polo que se definen as características dos buques de pesca.

C) Da actividade inspectora:

25. Certificado: documento, expedido de conformidade coas disposicións deste regulamento, que acredita que o obxecto ou actividade inspeccionada cumpre coa regulamentación nacional ou internacional aplicable.

26. Renovación dun certificado: emisión dun novo certificado, co prazo de validez que nel se indique, unha vez realizado con éxito o recoñecemento de renovación correspondente ó dito certificado, prescrito nos instrumentos normativos que desenvolva este regulamento.

27. Referendo dun certificado: acción de asinar e sela-lo recadro correspondente dun certificado, por parte do funcionario debidamente autorizado, cando se realízase con éxito un dos recoñecementos anuais, intermedios, periódicos ou da obra viva prescritos durante o período de validez do certificado ou se autorizase unha prórroga, un período de gracia, ou adianto da data de vencemento anual, ou calquera outra circunstancia prevista na normativa aplicable ó certificado.

28. Operador ou empresa operadora do buque: para os efectos deste regulamento, entenderase toda persoa física ou xurídica que utilizando buques propios ou alleos, incluídos no seu ámbito de aplicación, se dedique á explotación deles, mesmo cando iso non constitúa a súa actividade principal, baixo calquera modalidade admitida polos usos internacionais, e que en consecuencia adquiritse as obrigas e responsabilidades relativas á seguridade marítima e á prevención da contaminación do medio mariño.

29. Entidade colaboradora: entidade autorizada polo Ministerio de Fomento para realizar certas actividades de inspección e control da flota civil española, de conformidade co disposto no artigo 86.5 da LPEMM.

30. Organización recoñecida: sociedade de clasificación ou outra entidade privada que efectúe labores de avaliación da seguridade marítima en nome dun Estado membro da Unión Europea e que fose recoñecida para realizar tales funcións de conformidade co disposto na normativa comunitaria en vigor sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e control de buques e para as actividades correspondentes das administracións marítimas.

31. Organización autorizada: organización recoñecida que fose autorizada polo Ministerio de Fomento, conforme o disposto no Real decreto 2662/1998, do 11 de decembro, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e control de buques e para as actividades correspondentes das administracións marítimas.

32. Cadro de obrigas e consignas para casos de emerxencia: cadro onde constará toda a información prescrita na regra 53 do capítulo III do Convenio SOLAS. Para os efectos deste regulamento entenderase que as referencias feitas pola LPEMM ó cadro orgánico para situacións de sinistro nos seus artigos 115.2.j) e 116.2.f) son feitas ó cadro de obrigas e consignas para casos de emerxencia.

33. Transformación, reforma ou gran reparación: para os efectos deste regulamento entenderase calquera transformación, reforma ou calquera outra modificación realizada nun buque que teña ou poida ter influencia

significativa sobre calquera aspecto da seguridade marítima ou da prevención da contaminación do medio mariño. Tamén se entenderá aquelas reparacións que se lle realicen a un buque ou a un dos seus elementos como consecuencia dunha avaría, accidente, defectos detectados, funcionamentos defectuosos ou simplemente como consecuencia de prácticas periódicas de reparación, e que teñan ou poidan ter influencia significativa sobre calquera aspecto da seguridade do buque, así como sobre a prevención da contaminación do medio mariño. Neste sentido entenderase dentro deste concepto toda modificación que:

- a) Altere as dimensións ou características principais do buque como a eslora, a manga, o puntal, a súa arqueación, etc.
- b) Altere a capacidade do buque para o transporte de pasaxeiros ou a súa capacidade para o transporte de carga.
- c) Prolongue apreciablemente a duración en servizo dun buque.
- d) Teña influencia sobre a resistencia estrutural do buque, sobre a súa estabilidade —ben ó estado intacto ou despois de avaría—, ou sobre o seu compartimentado.
- e) Supoña un cambio do tipo de buque ou do seu grupo ou clase.
- f) Afecte ás características principais da súa maquinaria propulsora, ou que
- g) Altere as características do buque ata tal punto que coas novas pasaría a quedar suxeito a outras disposicións ou requisitos.

34. Reparación: para os efectos deste regulamento entenderase calquera reparación que se lle realice a un buque ou a un dos seus elementos como consecuencia dunha avaría, accidente, defectos detectados, funcionamentos defectuosos ou simplemente como consecuencia de prácticas periódicas de mantemento, e que non teñan nin poidan ter influencia significativa sobre calquera aspecto da marítima do buque, así como sobre a prevención da contaminación do medio mariño.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento seralle de aplicación á flota civil española, coas especialidades que se prevén para as embarcacións de recreo na disposición adicional terceira do real decreto que o aproba, así como, nos termos que en cada caso se establezan, ós seguintes buques:

- a) Os que, estando en proceso de construción no estranxeiro, soliciten o seu abandeiramento baixo pavillón español.
- b) Os que, enarborando pavillón estranxeiro, se encontren en augas situadas en zonas nas que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdicción, coas limitacións que estableza o dereito internacional, en particular no que se refire ós supostos de inmunidade.
- c) Os buques, independentemente do pavillón que enarboren ou vaian enarborar, que se atopen en construción, transformación ou reforma en España.

2. Estarán excluídos do ámbito de aplicación deste regulamento:

- a) As embarcacións proxectadas e destinadas a fins recreativos ou deportivos cun casco dunha eslora menor de 2,5 m medida de conformidade co disposto no número 20 do artigo 2 deste regulamento, e as embarcacións de regatas que teñan as súas propias normas de construción e estean destinadas exclusivamente á competición.
- b) Os artefactos flotantes de recreo, segundo como estes quedan definidos no artigo 2, con independencia da súa eslora.

c) Os buques e embarcacións afectos á defensa nacional ou á doutros Estados, sen prexuízo do establecido no artigo 45.

d) Os artefactos ou instalacións susceptibles de realizar operacións de exploración ou de explotación de recursos naturais marítimos ou de destinarse a calquera outra actividade, situados sobre o leito do mar, ancorados ou apoiados nel.

Artigo 4. *Clasificación Nacional de Buques.*

1. Para os efectos de exercicio da actividade inspectora regulada neste regulamento e nas súas normas de desenvolvemento, e determina-los requisitos técnicos de seguridade e prevención da contaminación do medio mariño que deben cumprir-los buques civís españois, estes clasificaranse nos seguintes grupos, atendendo ás definicións que dos diferentes tipos de buque se fan no artigo 2:

- a) Grupo I: buques de pasaxe.
- b) Grupo II: buques de carga.
- c) Grupo III: buques para servizos de porto.
- d) Grupo IV: buques pesqueiros.
- e) Grupo V: buques de recreo.

2. Cada un dos grupos desta clasificación serán subdivididos por orde do ministro de Fomento, en diversas clases que teñan en conta o tráfico e o servizo ó que van ser dedicados os buques, así como aquelas características propias destes que poidan influír na seguridade marítima ou na prevención da contaminación do medio mariño.

A subdivisión dos buques do grupo IV adoptarase logo de informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. Calquera buque ou tipo de buque que non poida ser encadrado propiamente en ningún dos grupos e clases establecidos, será clasificado nos grupos e clases que máis se aproximen ás súas características e ó tráfico e servizo que realicen.

Artigo 5. *Alcance das actividades inspectoras.*

1. As actividades inspectoras ás que se refire o artigo 1 abranguerán as seguintes etapas da vida dun buque:

- a) A etapa previa ó inicio da construción, na que serán como obxecto a revisión do proxecto de construción do buque e toda a documentación técnica asociada, e serán realizadas conforme os capítulos III e IV do título II.
- b) A etapa correspondente a todo o proceso de construción do buque, que abranguerán tódalas realizadas desde a fase de fornecemento de materiais ata a finalización das probas oficiais, incluíndo a posta de quilla do buque e a súa botadura, conforme os capítulos III e IV do título II.
- c) A etapa durante a cal o buque presta o seu servizo, que abranguerá tódalas realizadas desde o momento en que ó buque lle sexan estendidos os primeiros certificados, ata o momento en que cesen definitivamente as súas actividades, conforme os capítulos IV e VI do título II.
- d) A etapa final en que se procede ó seu desmantelamento ou afundimento voluntario, realizadas conforme o capítulo VI do título II.

2. Quedarán comprendidas, así mesmo, dentro das actividades inspectoras as actuacións seguintes:

- a) A recepción, certificación, homologación ou aprobación de calquera material, compoñente estrutural, aparello, elemento, equipo ou instalación que vaia ser

incorporado ó buque e que teña unha influencia significativa nas condicións de seguridade marítima ou de prevención da contaminación do medio mariño, conforme o capítulo VII do título II.

b) O proxecto e a posterior execución das transformacións, reformas ou grandes reparacións que se lle fagan ó buque durante a súa etapa en servizo, conforme o capítulo VI do título II.

Artigo 6. *Contido das actividades inspectoras.*

As actividades inspectoras realizadas nas diferentes etapas de construción e de servizo do buque sinaladas no artigo anterior terán os seguintes contidos relativos á seguridade marítima e da prevención da contaminación do medio mariño:

1. A estrutura do buque, o seu compartimentado e a súa disposición xeral, que inclúe pola súa vez:

a) O cálculo da arqueación do buque ou doutras características propias del e a medición das súas dimensións principais.

b) A estrutura resistente do buque e a comprobación do seu escantillonado.

c) A estabilidade en estado intacto, o compartimentado e a estabilidade despois de avarías.

d) A asignación de liñas de máxima carga e a integridade á estancación.

e) A protección estrutural contra incendios, a subdivisión do buque en zonas illadas, e a protección e illamento dos medios de evacuación e dos espazos con alto risco de incendio.

f) A disposición das vías de evacuación do buque e a súa integración no plan de evacuación deste.

g) As instalacións e disposicións especiais para pre-*vi-la* contaminación do medio mariño; e

h) Os aloxamentos a bordo na parte que afecta á seguridade marítima.

2. Os aparellos, elementos, materiais e equipos instalados no buque seguintes:

a) O equipo propulsor e de goberno do buque, as máquinas propulsoras principais, así como tódolos seus servizos e equipos auxiliares.

b) O equipo principal de xeración de enerxía eléctrica e os seus servizos auxiliares, o equipo de emerxencia, os cadros de distribución e a instalación eléctrica xeral do buque.

c) Os sistemas e equipos de detección, alarma e extinción de incendios.

d) Os dispositivos e medios de salvamento, a súa estiba e situación a bordo, e os medios de posta a flote, recuperación e embarque.

e) Os equipos de navegación do buque, a súa integración e situación a bordo, e as luces e marcas de navegación.

f) As instalacións radioeléctricas (equipos de radio-comunicacións e sistemas radioeléctricos de axuda á navegación).

g) As instalacións e equipos para *pre-*vi-la** contaminación do medio mariño; e

h) Todo o resto de aparellos, elementos, materiais e equipos do buque que inflúan nas condicións de seguridade ou de prevención da contaminación do medio mariño (equipo de cuberta, de ancoraxe, de carga e descarga, de achique, de lastre, así como as instalacións e equipos especiais propios de cada tipo de buque).

3. Os procedementos e prescricións operacionais relativas a:

a) A carga, descarga, estiba e desestiba da carga en xeral, trincaxe a bordo da carga en unidades, con-

dicións de transporte da carga sólida a granel, operacións especiais de baleirado, enchemento ou limpeza de tanques con graneis líquidos.

b) As mercadorías perigosas ou altamente contaminantes, coas súas disposicións especiais de empacamento, autorización de transporte, carga, descarga, estiba, desestiba, suxeición e calquera tipo de manipulación á que poidan estar sometidas.

c) A comunicación entre tripulantes, os exercicios de loita contra os incendios e de abandono do buque, os procedementos para a contención de avarías, os planos do sistema de loitas contra os incendios, as operacións de mando desde a ponte, o funcionamento das máquinas, a información que debe facilitarse a través de manuais, instrucións, ou outros documentos relativos á seguridade das operacións a bordo; e

d) A prevención da contaminación do medio mariño e da atmosfera, que incluírá o tratamento e descarga de hidrocarburos e mesturas oleosas desde a cámara de máquinas, así como de lixos e augas sucias ó mar ou a utilización limitada de combustibles contaminantes da atmosfera.

4. A competencia e cualificación profesional da tripulación de acordo co disposto no cadro de tripulacións mínimas, o coñecemento das obrigas e atribucións que se lle asignou a cada membro da tripulación tanto na operación normal do buque como en situacións de emerxencia, así como a preparación e eficacia dos tripulantes no desempeño das ditas tarefas.

5. O cumprimento coas disposicións do Código ISM ou CGS, coas súas disposicións complementarias nacionais e internacionais, relativas ós buques e ás súas respectivas empresas navieiras.

Artigo 7. *Exencións.*

1. A Dirección Xeral da Mariña Mercante, mediante unha autorización específica outorgada caso por caso, poderá eximir do cumprimento dalgunhas das disposicións establecidas neste regulamento, coa condición de que se cumpran unhas disposicións alternativas que garantan un nivel equivalente de seguridade e de prevención da contaminación do medio mariño, os seguintes tipos de buques que vaian ostentar pavillón español:

a) Buques que presenten características de índole innovadora ou que vaian ser dedicados á investigación e mellora de elementos, aparellos e equipos deles.

b) Buques destinados especificamente á investigación do medio mariño, busca e rescate de achados ou a operacións de extracción ou exploración do medio mariño, de características específicas e singulares en función da actividade que se vaia desenvolver.

c) Buques que reproduzan outros buques históricos.

2. A solicitude para o outorgamento das ditas exencións poderá presentarse ante as capitánías marítimas, que lla trasladarán á Dirección Xeral da Mariña Mercante.

3. A Dirección Xeral da Mariña Mercante deberá resolver e notificar nun prazo de dous meses desde a recepción das solicitudes, e na resolución farase constar claramente as disposicións obxecto da exención e o motivo do seu outorgamento, o alcance temporal dela, a actividade que pode realizarse ó seu abeiro, a identidade do buque e as súas características principais.

4. Así mesmo faranse constar as medidas alternativas establecidas pola Dirección Xeral da Mariña Mercante en función das características dos buques, das actividades que se vaian desenvolver, a seguridade marítima, e a protección do medio mariño.

5. A Dirección Xeral da Mariña Mercante manterá un rexistro actualizado das exencións concedidas a cada buque de pavillón español.

6. A resolución da Dirección Xeral da Mariña Mercante pola que se autoriza a exención solicitada será conservada a bordo do buque en cuestión, xunto co resto da documentación que acredite o seu estado, e conservarase copia na Dirección Xeral da Mariña Mercante.

CAPÍTULO II

Organización e ordenación da actividade inspectora

Artigo 8. *A función inspectora da Administración xeral do Estado.*

1. A función inspectora da Administración xeral do Estado será dirixida, executada e supervisada pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, a través dos seus órganos centrais e periféricos.

2. Correspóndelle á Subdirección Xeral de Inspección Marítima a ordenación técnica, a impulsión e o control da función inspectora da Administración xeral do Estado, así como a elaboración dos estándares e criterios técnicos para a súa realización.

3. A Área de Inspección Marítima establecida no Real decreto 1246/1995, do 14 de xullo, polo que se regula a constitución e creación das capitanías marítimas, executará e controlará a función inspectora no seu ámbito territorial de competencia.

4. O xefe da Área de Inspección Marítima asumirá a dirección técnica e organizativa de tódalas actividades inspectoras e de certificación que se realicen dentro do ámbito xeográfico da capitanía marítima correspondente, sen prexuízo do exercicio da súa propia actividade inspectora, dándolle conta ó capitán marítimo de quen depende organicamente.

5. As actividades inspectoras reguladas neste regulamento serán realizadas por funcionarios debidamente acreditados do Ministerio de Fomento, cos coñecementos e a titulación adecuados para a realización eficaz dos cometidos asignados, nos termos que determina o artigo 9, e que ocupen postos de traballo que supoñan o exercicio de funcións de inspección e control de buques. Nembargante, o Ministerio de Fomento poderalles confiar as ditas actividades ós organismos públicos previstos no título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, ou a entidades colaboradoras, de acordo co disposto no artigo 86.5 da LPEMM. En calquera caso para a súa realización requiriranse coñecementos e titulacións equivalentes ós esixidos para o persoal funcionario.

6. Os inspectores e subinspectores a que se fai referencia no artigo 9 deste regulamento, deberán realizar, dentro do ámbito da súa competencia e cualificación, as actividades inspectoras que correspondan á área xeográfica asignada á capitanía marítima de primeira da que dependen, baixo a superior dirección técnica do xefe da Área de Inspección Marítima.

7. As capitanías marítimas de primeira centralizarán as solicitudes e o resto da documentación prevista neste regulamento ou a súa normativa de desenvolvemento, que sexan presentadas en capitanías marítimas de segunda ou terceira e resolverán ou daranlle traslado, segundo corresponda, á Dirección Xeral da Mariña Mercante.

Artigo 9. *Tipos de inspectores.*

1. En función da competencia profesional necesaria para realiza-las actividades inspectoras establecidas no artigo 1, distínguense os seguintes tipos de inspectores:

- a) Inspectores navais.
- b) Inspectores marítimos náuticos.
- c) Inspectores marítimos de máquinas.
- d) Inspectores marítimos de radio.

Os inspectores contarán, na realización das tarefas que teñen encomendadas, coa colaboración dos subinspectores navais e marítimos. Tódolos anteriores deberán estar prestando servizo activo na Dirección Xeral da Mariña Mercante ou en calquera das capitanías marítimas dependentes dela.

2. Os inspectores navais deberán ser funcionarios de carreira da Administración xeral do Estado, do grupo A, e estar en posesión do título oficial de enxeñeiro naval ou de enxeñeiro naval e oceánico.

Os inspectores navais realizarán as seguintes funcións:

a) Revisión global dos proxectos de construción, transformación, reparación e grandes reformas (artigo 5.1.a e 5.2.b), seguimento e supervisión de todo o proceso construtivo do buque e das súas probas oficiais (artigo 5.1.b), seguimento e supervisión de tódalas actividades inspectoras relativas á estrutura e estabilidade do buque, e das máquinas mariñas.

b) Actividades inspectoras relacionadas cos contidos recollidos no número 6.1), e nas alíneas a), b), c), d), g) e h) do artigo 6.2).

3. Os inspectores marítimos náuticos deberán ser funcionarios de carreira da Administración xeral do Estado, do grupo A e estar en posesión dun título oficial de licenciado en náutica e transporte marítimo ou outro título académico de contido equivalente.

Os inspectores marítimos náuticos realizarán as seguintes funcións:

a) Seguimento e supervisión de tódolos procedementos e disposicións operativas náuticas dos buques.

b) As actividades inspectoras relacionadas cos contidos recollidos nas alíneas f) e g) do artigo 6.1), nas alíneas c), d) e) e g) do artigo 6.2) e nos números 6.3) e 6.4).

4. Os inspectores marítimos de máquinas deberán ser funcionarios de carreira da Administración xeral do Estado, do grupo A, e estar en posesión dun título oficial de licenciado en máquinas navais ou outro título académico de contido equivalente.

Os inspectores marítimos de máquinas realizarán as seguintes funcións:

a) Seguimento e supervisión de tódalas actividades inspectoras relativas á operación das máquinas mariñas.

b) As actividades inspectoras relacionadas cos contidos recollidos na alínea g) do artigo 6.1), nas alíneas a), b), c), d), g) e h) do artigo 6.2) e na alínea d) do artigo 6.3).

5. Os inspectores marítimos de radio deberán ser funcionarios de carreira da Administración xeral do Estado, do grupo A, e estar en posesión dun título oficial de licenciado en radioelectrónica naval ou outro título académico de contido equivalente.

Os inspectores radiomarítimos realizarán as seguintes funcións:

a) Seguimento e supervisión de tódalas actividades inspectoras relativas á operación das instalacións radioeléctricas dos buques.

b) As actividades inspectoras relacionadas cos contidos recollidos na alínea f) do artigo 6.2).

6. Os inspectores ós que se refiren os números anteriores deste artigo, ademais das funcións citadas nos ditos números, realizarán a función de dirección e coor-

dinación dos equipos de auditoría segundo o Código ISM, así como a de participación nelas como auditor (artigo 6.5).

7. Os subinspectores navais deberán ser funcionarios de carreira da Administración xeral do Estado, do grupo B, e estar en posesión do título ben de enxeñeiro naval, ou ben de enxeñeiro técnico naval en calquera das súas especialidades. Realizarán as actividades inspectoras relacionadas no número 2 b) deste artigo.

8. Os subinspectores marítimos deberán ser funcionarios de carreira da Administración xeral do Estado, do grupo B, e estar en posesión de calquera das titulacións mencionadas nos números 3, 4, e 5 deste artigo, así como das de diplomado da mariña civil, en calquera das súas especialidades. Realizarán as actividades inspectoras, correspondentes á súa especialidade, relacionadas nos números 3.b), 4.b) ou 5.b) deste artigo.

9. Tamén poderán ser subinspectores marítimos os funcionarios da Administración xeral do Estado que, sobre a base da posesión dun título de formación profesional de terceiro grao de especialidade marítima, accedesen, como mínimo, ó grupo B.

10. Os inspectores en posesión dunha das cualificacións anteriores poderán optar á súa habilitación como inspectores para o control polo Estado rector do porto.

11. As condicións para que un inspector poida ser habilitado como inspector para o control polo Estado rector do porto son as contidas no anexo VII do Real decreto 768/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento para o control do cumprimento da normativa internacional sobre seguridade marítima, prevención da contaminación e condicións de vida e traballo nos buques estranxeiros que utilicen portos ou instalacións situadas en augas xurisdiccionais españolas, ademais de estar prestando servizo activo na Dirección Xeral da Mariña Mercante ou en calquera das capitánías marítimas dependentes dela.

12. Sempre que a súa formación e experiencia o capaciten para iso, un inspector ou subinspector poderá realiza-las funcións que non son propias da súa especialidade, baixo a dirección ou supervisión doutro inspector cunha especialidade que si cubra as ditas funcións.

13. Facúltase o ministro de Fomento para adapta-las funcións dos inspectores ós avances técnicos, ó cumprimento da normativa nacional e internacional e ás necesidades da seguridade marítima e prevención da contaminación do medio mariño, establecendo para o efecto os correspondentes cursos de formación ou reciclaxe que sexan necesarios para o seu correcto desempeño.

Artigo 10. *Atribucións e facultades dos inspectores e subinspectores.*

1. Tódolos inspectores e subinspectores ós que se fai referencia no artigo 9, terán, no exercicio das actuacións inspectoras, a consideración de autoridade pública.

2. De conformidade co artigo 125.2 da LPEMM, os inspectores e subinspectores estarán facultados para acceder, despois de identificarse e con obxecto de realiza-las comprobacións e actuacións que estimen pertinentes:

- a) Ós buques de pavillón español.
- b) Ós buques de pavillón estranxeiro coas limitacións, se é o caso, establecidas nos convenios internacionais suscritos por España.
- c) Ás superficies ou instalacións onde estes se constrúan, transformen, reformen, reparen ou se realice calquera outro tipo de actividade que poida ser obxecto deste regulamento.

3. Os inspectores e subinspectores poderán recadar doutras autoridades competentes ou dos seus axentes o auxilio necesario para o normal cumprimento das súas funcións.

4. As actas, certificados ou informes que levanten os inspectores e subinspectores, sempre que se formalicen observando os requisitos establecidos neste regulamento, terán valor probatorio respecto dos feitos reflectidos nelas, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan achega-los interesados.

Artigo 11. *Obrigas dos inspectores e subinspectores.*

1. Son obrigas dos inspectores e subinspectores as seguintes:

a) Realizar tódalas actividades inspectoras necesarias para chegar ó convencemento razoable de que os elementos obxecto delas se encontran en bo estado e cumpren a normativa nacional e internacional vixente.

b) Elabora-lo correspondente informe de inspección de conformidade co disposto no artigo 19, ó finalizar unha actividade inspectora.

c) Expedi-los certificados que lles corresponda de acordo coa normativa vixente, sempre e cando o obxecto inspeccionado sexa acredor del.

2. Os inspectores e subinspectores estarán obrigados a gardar segredo profesional respecto dos feitos que coñezan no exercicio das súas funcións, sen prexuízo das actuacións de colaboración administrativa que procedan.

3. Tódolos inspectores e subinspectores serán portadores dun documento persoal acreditativo da súa condición, expedido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, que indique o tipo de inspector ou subinspector de que se trata e se está capacitado para realizar inspeccións para o control polo Estado rector do porto. Este documento poderá ser requirido cando exerza as súas funcións, e nese caso terá obriga de exhibilo.

4. No exercicio das súas funcións, os inspectores e subinspectores terán que observa-lo deber de respecto e consideración debido ós interesados e deberán toma-las medidas necesarias para a protección da intimidade das persoas.

5. Os inspectores desenvolverán a súa actividade de forma que non se dificulte, máis alá do necesario, o bo funcionamento dos buques e actividades inspeccionadas.

6. Os inspectores e subinspectores, así como o persoal que os asista, non poderán ter interese comercial nin económico ningún nos buques sobre os que realicen actividades inspectoras nin tampouco nos portos onde realicen as ditas actividades inspectoras, sempre e cando estas poidan ter unha relación ou influencia no desenvolvemento da actividade económica ou comercial.

Artigo 12. *Responsabilidade dos inspectores e subinspectores.*

Tódolos inspectores e subinspectores ós que se fai referencia no artigo 9 serán responsables das actividades inspectoras que realicen, dos informes e documentos que elaboren, e dos certificados que expidan ou dos que se expidan con base na súa información. Esta responsabilidade poderalles ser esixida de conformidade coas disposicións legais correspondentes.

TÍTULO II

Da actividade inspectora

CAPÍTULO I

Principios rectores

Artigo 13. *Principios xerais da actividade inspectora.*

1. Cando as actividades inspectoras reguladas neste regulamento conclúan con resultado satisfactorio, darán lugar ben á emisión, referendo, renovación ou prórroga dun certificado, ou ben á emisión doutro documento que reflecta claramente o cumprimento ou adecuación da entidade inspeccionada coa regulamentación aplicable.

2. En tódolos certificados, agás que teñan o carácter de indefinidos, farase consta-lo seu prazo máximo de validez, transcorrido o cal deberá procederse á renovación deles. Este prazo establecerase de conformidade co establecido na normativa nacional ou internacional de aplicación.

3. A Dirección Xeral da Mariña Mercante queda autorizada a normaliza-los modelos de tódolos certificados, así como os daqueloutros documentos e informes que así o requiran.

4. Correspóndelle ó subdirector xeral de Inspección Marítima a expedición e renovación dos certificados ou documentos requiridos pola normativa internacional para buques de eslora (L) igual ou maior de 24 m.

Correspóndelle ó xefe da Área de Inspección Marítima, baixo a dirección técnica do cal se realizasen os recoñecementos programados correspondentes, referendar e prorrogar-la validez dos certificados requiridos pola normativa internacional para buques de eslora (L) igual ou maior de 24 m, así como emitir, renovar, referendar e prorrogar-los certificados requiridos pola normativa internacional para buques de eslora (L) menor de 24 m, e pola normativa nacional para buques de eslora (L) igual ou maior de 24 m.

Os certificados requiridos pola normativa nacional para buques de eslora (L) menor de 24 m serán emitidos, renovados, referendados e prorrogados polo inspector ou subinspector encargado de realiza-las inspeccións ou recoñecementos correspondentes.

5. Os capitáns marítimos non autorizarán a saída ó mar de ningún buque ou embarcación que enarbore o pavillón español, mentres non acredite que se encontra en condicións adecuadas de navegabilidade, de seguridade e de prestar eficazmente servizo segundo o seu grupo e clase, de acordo coa clasificación nacional de buques. Tampouco lle autorizarán o exercicio da súa actividade a ningunha embarcación ou artefacto flotante que non reúna as ditas condicións.

6. A presentación en período de validez e en regra de tódolos certificados e documentos esixidos pola normativa internacional e nacional en materia de seguridade marítima e prevención da contaminación do medio mariño, será suficiente para acreditar que o buque se encontra en condicións adecuadas de navegabilidade e de prestar eficazmente o servizo para o que foi autorizado, agás que existan indicios claros de que o estado do buque ou do seu equipo non corresponden no esencial ós pormenores dalgún deles.

Neste último caso procederáse a realizar un recoñecemento extraordinario, segundo o disposto no artigo 37, para comprobar se o estado do buque, dos seus elementos e dos seus equipos corresponde realmente ó expresado nos certificados. En caso de que se confirme a non adecuación do buque ou dos seus elementos cos

requisitos aplicables da normativa nacional ou internacional, procederáse á retirada do correspondente certificado e, se procede, á iniciación do procedemento especial sumario de retención de buques, así como do oportuno expediente administrativo sancionador.

Artigo 14. *Obrigas de operadores, empresas operadoras, capitáns e patróns dos buques.*

1. Os operadores e empresas operadoras, así como os capitáns e patróns dos buques de pavillón español, están obrigados a:

a) Poñer en coñecemento dos capitáns marítimos ou da Dirección Xeral da Mariña Mercante, a caducidade de calquera dos certificados ou documentos relacionados con este regulamento, solicitando a realización das actividades inspectoras necesarias para proceder á súa renovación.

b) Solicita-la realización do resto das actividades inspectoras esixidas pola normativa vixente para o tipo e clase de buque de que se trate, así como comunica-la caducidade daquelas anotacións recollidas nos certificados ou documentos que teñan establecido un determinado prazo de tempo para a súa execución.

c) Someterse a tódalas actuacións inspectoras que ordenen as autoridades marítimas para comproba-lo cumprimento coa normativa vixente.

d) Levar a bordo, custodiados polo capitán ou patrón, nun lugar do buque de fácil acceso e con visibilidade adecuada, tódolos certificados e documentos, ou copias certificadas deles, esixidos para o buque pola normativa en vigor.

e) Mante-lo estado do buque e de todo o seu equipo conforme as disposicións das regras nacionais ou internacionais en vigor, para así garantir que o buque seguirá estando en condicións de saír ó mar, sen perigo para a seguridade marítima, e en condicións de evitar calquera incidente de contaminación do medio mariño.

f) Non efectuar ningún cambio, que poida afecta-la seguridade do buque ou a prevención da contaminación do medio mariño, na disposición estrutural, as máquinas, o equipo e os demais compoñentes do buque, sen previa autorización da Dirección Xeral da Mariña Mercante, nos termos que establece o capítulo III do título II.

2. Tódalas avarías e accidentes de consideración, así como os defectos descubertos e as prácticas de reparación do buque e dos seus equipos que afecten á seguridade do buque, da vida humana no mar ou da navegación ou que poidan significar un risco de contaminación do medio mariño, seranlle notificados, inmediatamente despois de que se teña coñecemento deles, ó capitán marítimo en caso de que o porto no que se encontre o buque sexa español ou á Dirección Xeral da Mariña Mercante e ás autoridades marítimas competentes do porto en cuestión, se este é estranxeiro.

En caso de que o buque se encontre en navegación, a comunicación faráselles ás autoridades indicadas do primeiro porto ó que vaia arribar e sempre con anterioridade á arribada ó dito porto.

3. As autoridades españolas ás que se lles comuniquen tales circunstancias farán que se inicien as investigacións encamiñadas a determina-lo alcance das incidencias comunicadas e que se adopten as medidas precisas para garanti-la seguridade marítima e a integridade do medio mariño, ordenando, se é necesario, a realización dun recoñecemento adicional ou extraordinario, segundo o disposto no artigo 37, ás partes afectadas do buque.

CAPÍTULO II

Actividades de inspección e procedemento**Artigo 15. *Iniciación da actividade inspectora.***

As actividades inspectoras poderán iniciarse de oficio ou por solicitude de persoa interesada.

Artigo 16. *Iniciación de oficio.*

1. Iniciarase de oficio unha actividade inspectora nos seguintes casos:

a) Por iniciativa dos inspectores, cando a actuación se produza como consecuencia do coñecemento directo ou indirecto das conductas ou feitos que xustifiquen o inicio de actividades de inspección, dándolle conta diso ó capitán marítimo.

b) Para verifica-lo cumprimento coas prescricións normativas sobre a operación e utilización do buque, tanto en navegación como na realización das diferentes actividades relacionadas co seu servizo que poidan ter unha influencia sobre a seguridade marítima e a prevención da contaminación do medio mariño, comprobando adicionalmente que se manteñen a bordo as condicións de seguridade comprobadas nos últimos recoñecementos, en virtude das cales se lle estenderon ó buque os correspondentes certificados aplicables. Os contidos e a frecuencia deste tipo de inspeccións serán determinados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, e previamente á súa realización notificaráselle ó capitán marítimo correspondente. A realización deste tipo de inspeccións non interferirá, máis alá do estrictamente necesario por razóns de seguridade marítima ou de prevención da contaminación do medio mariño, no bo funcionamento dos buques e das actividades inspeccionadas.

c) Por resolución motivada da Dirección Xeral da Mariña Mercante, cando se teña coñecemento fundado de feitos que poidan poñer en perigo a seguridade marítima e a integridade do medio mariño.

d) Por petición razoada doutros órganos administrativos ou doutras administracións públicas que, tendo coñecemento de conductas ou feitos que puidesen xustificar o inicio de actividades de inspección, non teñan competencias nesta materia. Estes organismos dirixiránlle ó director xeral da Mariña Mercante unha proposta de iniciación, con xustificación razoada da súa necesidade, así como dos feitos ou indicios que orixinan a petición.

e) Por denuncia de calquera persoa, sempre que sexa formulada de acordo co previsto na normativa sobre procedemento administrativo sancionador, que poña en coñecemento da Dirección Xeral da Mariña Mercante ou dunha capitán marítima a existencia dun determinado feito presuntamente constitutivo de infracción administrativa no ámbito da seguridade marítima ou da prevención da contaminación do medio mariño, que puidese xustificar o inicio da inspección.

2. No caso de denuncias que poidan prexudicalo bo funcionamento e servizo do buque, a Dirección Xeral da Mariña Mercante poderá esixirle ó denunciante a adopción de medidas cautelares que garantan, en caso de que a denuncia resulte inxustificada, a posibilidade de reparalos danos e perdas ocasionados ó operador ou á empresa operadora.

Artigo 17. *Iniciación por instancia de persoas interesadas.*

1. Malia o disposto no artigo anterior, as actividades inspectoras previstas pola normativa aplicable que deban

ser realizadas durante a etapa en servizo do buque, e en concreto os recoñecementos programados, regulados no artigo 36, os recoñecementos adicionais regulados no artigo 37.2.a), e os recoñecementos para autorización de remolques regulados no artigo 37.2.d), deberán iniciarse por solicitude dos operadores ou empresas operadoras do buque.

2. As actividades inspectoras previstas pola normativa aplicable que deban ser realizadas durante a construción, transformación, reforma ou reparación do buque deberán iniciarse por solicitude dos estaleiros ou talleres encargados de realizar as obras.

3. As actividades inspectoras encamiñadas á certificación, aprobación ou homologación de aparellos, elementos, materiais ou equipos, deberán iniciarse por solicitude do fabricante, distribuidor ou propietario.

Artigo 18. *Solicitudes para a iniciación da actividade inspectora.*

1. As solicitudes para a iniciación da actividade inspectora serán dirixidas ó capitán marítimo e deberán cumprilos requisitos seguintes:

a) Deberán ser presentadas por persoa que teña a condición de interesado ou do seu representante, de acordo co previsto na lexislación sobre procedemento administrativo.

b) Conterán os datos esixidos polo artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, (en diante LRXPAC), identificando con claridade a actividade inspectora que se solicita así como as causas que motivan tal petición.

2. As solicitudes relativas á realización dos recoñecementos programados regulados no artigo 36 e na súa normativa de desenvolvemento deberán presentarse con, polo menos, quince días de antelación verba da data de caducidade dos correspondentes certificados, ou da data prevista de realización para outras actividades inspectoras. No caso de buques que non efectúen tráfico regular entre portos fixos e que non poidan determinar con quince días de antelación onde se encontrarán na data de caducidade do certificado, o devandito prazo poderase reducir a un mínimo de cinco días.

As solicitudes para a realización de recoñecementos adicionais ou extraordinarios ocasionados por varadura, abordaxe, graves avarías en elementos importantes da súa estrutura ou maquinaria, deberán presentarse no momento da arribada ó primeiro porto ou, en caso de iso non ser posible, no día seguinte hábil.

As solicitudes de recoñecementos extraordinarios para a autorización de remolques deberán presentarse cunha antelación mínima de tres días respecto da data en que deba ter lugar o dito evento, agás en casos de emerxencia.

Artigo 19. *Realización das actividades inspectoras.*

1. Finalizadas as actividades inspectoras, o inspector ou o subinspector encargado de as realizar ou dirixir elaborará e asinará, baixo a súa responsabilidade e con absoluta independencia técnica de criterio, o correspondente informe de inspección, indicando claramente se o resultado é ou non satisfactorio. Os informes seránlles notificados ós interesados de acordo co previsto na lexislación vixente sobre procedemento administrativo.

2. Os informes de inspección constituirán a base documental necesaria e imprescindible para a extensión por parte da autoridade competente do correspondente certificado ou documento asociado á actividade inspectora realizada.

3. A Dirección Xeral da Mariña Mercante queda autorizada para normaliza-los modelos en que deben ser presentados os informes, nos que se fará constar, como mínimo, os seguintes datos:

a) A identificación clara do buque, ou dos elementos ou equipos inspeccionados, así como da persoa ante quen se efectúa a actividade inspectora.

b) O lugar, data e hora en que se levou a cabo a actividade inspectora.

c) A identificación dos inspectores ou subinspectores encargados das actividades obxecto do informe.

d) A constatación de que o buque cumpre coas disposicións aplicables da normativa vixente ou, polo contrario, unha enumeración detallada das deficiencias encontradas, con indicación precisa das normas que se puidesen vulnerar, se é o caso, así como da valoración que as ditas deficiencias poidan ter en relación coa seguridade marítima, a navegabilidade do buque ou a conservación do medio mariño.

e) A relación detallada das medidas que deban ser adoptadas para emenda-las deficiencias detectadas, con indicación do prazo tope para que sexan levadas a cabo, en función da importancia e alcance delas.

f) O criterio do inspector que aconselle ou non a emisión ou renovación do certificado, o referendo ou prórroga del, ou a sinatura do documento relativo.

4. O informe de inspección será elaborado coa maior brevidade posible, e en todo caso nun prazo máximo de dez días desde a finalización da actividade inspectora correspondente. En caso de resultado satisfactorio, a emisión, renovación, referendo ou prórroga do certificado, ou ben a sinatura do documento asociado, producirase nun prazo máximo de vinte días desde a finalización da actividade inspectora.

En caso de que se trate de actuacións competencia do subdirector xeral de Inspección Marítima, este último prazo ampliarase noutros dez días máis.

5. As actividades inspectoras efectuaranse, sempre que sexa posible, en presenza da persoa titular ou responsable da entidade inspeccionada.

Nos informes de inspección farase consta-la conformidade ou desconformidade da persoa ante quen se efectúa a inspección respecto ó contido do informe. En caso de que esta persoa se negue a asinar, o inspector efectuará unha dilixencia na que indicará a tal negativa e que a inspección foi realizada.

6. A Área de Inspección Marítima conservará os informes de inspección unidos á copia do certificado ou documento asociado e remitiralle copia certificada deles á Dirección Xeral da Mariña Mercante cando así sexa requirido.

7. As actividades inspectoras sobre os buques e embarcacións ós que é de aplicación este regulamento realizaranse nos seguintes lugares: estaleiros, varadoiros, talleres de reparación, instalacións fabrís, zonas portuarias, clubs náuticos, portos deportivos ou instalacións que resulten adecuadas para a súa realización.

Naqueles casos en que o buque se encontre no mar e que por razóns operativas ou de seguridade non puidese acceder ós lugares indicados no parágrafo anterior, o operador ou capitán do buque proverá os medios necesarios para que o inspector poida chegar e acceder ó buque e realiza-lo labor inspector que corresponda.

8. Se a actividade inspectora require operacións que supoñan un risco potencial elevado, tales como desmontaxe de grandes pezas, inmovilización do buque ou operacións similares, ou un risco para o inspector ou subinspector encargado, realizaranse en lugares que reúnan as condicións de seguridade activa e pasiva adecuadas para tal actividade.

9. O solicitante da actividade inspectora deberá prove-los medios e equipos necesarios para que a dita actividade se poida realizar en condicións adecuadas de seguridade.

Artigo 20. *Sinatura e visado de documentos.*

1. Tódolos documentos, informes ou manuais que por requirimento da Administración deban ser elaborados polos interesados, excepción feita dos proxectos de construción, de transformación, reforma ou reparación de buques e dos asociados á dirección de obra destes mesmos procesos, requirirán, en función da súa natureza e contido, a sinatura dun enxeñeiro naval, dun titulado superior da Mariña Civil, dun enxeñeiro técnico naval, ou dun diplomado de Mariña Civil, todos eles no ámbito da súa especialidade e legalmente capacitados para o exercicio da súa profesión. Así mesmo, deberán ser visados polo colexio oficial correspondente do profesional que os asinase.

2. En todo caso os profesionais asinantes deberán acredita-la cobertura da responsabilidade civil que se poida derivar das súas actuacións profesionais.

CAPÍTULO III

Inspección e control da construción dun buque en territorio español

Artigo 21. *Autorización para o inicio da construción dun buque en territorio español.*

1. O inicio da construción dun buque en territorio español requirirá a autorización previa do proxecto de construción polo director xeral da mariña mercante, que será concedida trala verificación por parte da dirección xeral de que o proxecto e o resto de documentación técnica presentados canda a solicitude de autorización cumpren co disposto nos números 2 ou 3 deste artigo, segundo corresponda. O procedemento de autorización e o seguimento posterior da construción efectuarase de acordo co establecido neste capítulo.

2. As autorizacións do proxecto de construción para buques destinados a enarborar pavillón español terán como obxecto a verificación do cumprimento do buque, desde a fase inicial de proxecto da construción, con toda a normativa nacional ou internacional aplicable, de acordo coas súas características e co fin ó que vai ser destinado, en materia de seguridade marítima e prevención da contaminación do medio mariño.

3. As autorizacións do proxecto de construción para buques destinados a enarborar pavillón estranxeiro terán como obxectivo a verificación, desde a fase inicial do proxecto, de que o buque estará en condicións de saír ó mar, sen perigo para a seguridade marítima e para a conservación do medio mariño, de conformidade co disposto no artigo 28.

4. A autorización será requirida para cada unidade que se vaia construír, independentemente de que se trate de unidades xemelgas.

Para construcións menores de 7,5 metros de eslora total que sexan construídas en serie, a aprobación do proxecto de construción só será requirida para o prototipo, debéndose achegar para a autorización do resto de unidades da serie copia do proxecto do prototipo aprobado ou unha declaración, por parte do constructor, de conformidade da unidade co prototipo aprobado, xunto coa autorización do proxecto deste.

5. No caso de que a construción dun buque se realice en diferentes lugares, cada unha das partes do buque ou das fases de construción que se realicen en territorio español, requirirán unha autorización propia de conformidade co disposto neste artigo.

6. As autorizacións, ademais do previsto nos números anteriores, rexeranse polas normas xerais reguladoras do procedemento autorizador.

7. Cando a lexislación aplicable requira que, con antelación á autorización do proxecto de construción

de buques pesqueiros, sexa emitido un informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou da comunidade autónoma correspondente con competencia na materia, non se outorgará a autorización do proxecto sen que o dito trámite fose realizado.

Artigo 22. *Solicitudes de autorización.*

1. As solicitudes para o outorgamento das autorizacións do proxecto de construción de buques en territorio español deberanlle ser dirixidas ó director xeral da Mariña Mercante e presentadas na capitanía marítima no ámbito xeográfico da cal radique o estaleiro ou taller que se vai encargarse de realiza-los traballos correspondentes ou nos lugares sinalados no artigo 38.4 da LRXPAC.

2. Estas solicitudes deberán ser presentadas polo estaleiro ou taller constructor, indicándose claramente nelas a identidade do titular contratante, o rexistro onde se ten previsto matricula-lo buque e o fin ó que vai ser destinado. En caso de que o buque estea destinado á exportación, tamén se especificará se algunha entidade ou organización, en representación da futura Administración de bandeira, se vai encargarse da inspección do buque e da expedición dos certificados.

3. En caso de que o buque estea destinado a enarborar pavillón español ou de que o titular contratante sexa de nacionalidade española, a solicitude será tamén asinada polo titular do contrato de construción.

4. As solicitudes irán acompañadas do proxecto de construción do buque, integrado polo conxunto das especificacións, cálculos, planos, xustificacións, orzamentos e demais documentos técnicos que definan e determinen as esixencias técnicas da construción. O proxecto deberá incluír toda a documentación específica que determine a normativa en vigor e xustificar tecnicamente as solucións propostas de acordo coas disposicións requiridas pola normativa técnica aplicable en materia de seguridade marítima e prevención da contaminación do medio mariño.

5. Cando o proxecto se desenvolva ou complete mediante proxectos parciais ou outros documentos técnicos sobre diferentes partes do buque, instalacións deste ou tecnoloxías específicas, deberase manter no conxunto integrado do proxecto de construción a necesaria coordinación, de modo que se garanta o cumprimento da construción proposta coa normativa aplicable en materia de seguridade marítima e prevención da contaminación do medio mariño.

6. O proxecto será redactado e subscrito por un técnico titulado competente, que reúna as condicións esixibles para o exercicio da súa profesión e visado polo colexio oficial ó que pertenza.

Artigo 23. *Tramitación e resolución das solicitudes de autorización.*

1. Os expedientes para a autorización do proxecto de construción dun buque en territorio español, con informe da Área de Inspección Marítima da capitanía correspondente, seranlle remitidos á Dirección Xeral da Mariña Mercante para a súa resolución e notificación nun prazo máximo de seis meses, de acordo co disposto no artigo 42 da LRXPAC.

2. Cando se trate de buques destinados a enarborar pavillón español, a Dirección Xeral da Mariña Mercante procederá, en caso de resolución favorable, a clasificarlo buque no grupo e clase que lle correspondan da Clasificación Nacional de Buques, de acordo co artigo 4 deste regulamento e coa súa normativa de desenvolvemento.

3. A resolución do expediente seralle notificada, nos termos establecidos na LRXPAC, pola Dirección Xeral

da Mariña Mercante ó estaleiro ou taller solicitante, a través da capitanía marítima no ámbito xeográfico da cal radique o citado estaleiro ou taller.

Artigo 24. *Modificación das solicitudes de autorización.*

1. Calquera modificación da información esixida para as solicitudes de autorización no artigo 22, seralle notificada polo estaleiro ou taller titular da autorización á Dirección Xeral da Mariña Mercante, nun prazo máximo de 10 días.

Tamén lle será comunicada polo estaleiro ou taller á Dirección Xeral da Mariña Mercante, nun prazo máximo de 10 días, calquera suspensión dos traballos por un prazo superior a 3 meses.

2. Se a modificación notificada afecta as condicións en que foi aprobado o proxecto e concedida a autorización, en aspectos relacionados coa seguridade marítima ou a prevención da contaminación do medio mariño, a Dirección Xeral da Mariña Mercante esixiralle ó estaleiro ou taller titular a presentación dunha solicitude de modificación do proxecto ou do resto de documentación requirida que cumpra coas novas condicións esixibles.

Neste caso requirirase unha nova autorización expresa do director xeral da Mariña Mercante. A Dirección Xeral da Mariña Mercante verificará que o proxecto da construción, coas modificacións introducidas, segue cumprindo coa normativa aplicable.

As solicitudes de modificación do proxecto ou do resto da documentación esixida serán presentadas polo estaleiro ou taller titular da construción e, se procede, polo operador do buque ou titular contratante, seguindo os mesmos trámites requiridos neste capítulo para a solicitude de autorización correspondente.

3. O director xeral da Mariña Mercante poderá autoriza-lo cambio de estaleiro ou taller titular da construción, cando sexa solicitado polo estaleiro ou taller inicial e o novo estaleiro ou taller proposto, coa conformidade expresa, se procede, do operador do buque ou do titular contratante, sempre e cando a solicitude se produza durante o período de vixencia da autorización concedida.

Artigo 25. *Caducidade das autorizacións.*

1. As autorizacións dos proxectos de construción outorgadas de acordo coas regras contidas neste capítulo caducarán cando, transcorrido un ano desde a data de construción prevista na solicitude, non se inicien os traballos correspondentes. Consideraranse iniciados os traballos cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Estea colocada a quilla do buque.
- b) Estea comezada calquera fase da construción que poida identificarse como propia do buque concreto, así como a montaxe do buque, nunha proporción que supoña a utilización de non menos de 50 toneladas do total estimado de material estrutural ou dun 1 por 100 do dito total, se este segundo valor é menor.

2. A renuncia do estaleiro autorizado á construción do buque será comunicada, para efectos de rexistro e de control, á capitanía marítima no ámbito xeográfico da cal radique o estaleiro ou taller encargado de realiza-los traballos correspondentes.

3. A caducidade das autorizacións dos proxectos de construción de buques pesqueiros regularase pola súa normativa específica.

Artigo 26. *Dirección de obra para a construción dun buque en territorio español.*

1. Outorgada a autorización de construción dun buque en territorio español e unha vez comunicado este

dato ó estaleiro ou taller solicitante, este designará un técnico titulado competente, que reúna as condicións esixibles para o exercicio da súa profesión, como director de obra, o cal dirixirá o correcto desenvolvemento de todo o proceso, no relativo á seguridade marítima e á prevención da contaminación do medio mariño.

2. Ó finaliza-la construción, o director de obra designado expedirá un documento no que acredite que esta concluíu de conformidade co establecido no proxecto e co disposto na normativa vixente. Este documento será visado polo colexio oficial correspondente do profesional que o asinase e seralle remitido á Área de Inspección Marítima da Capitanía, que se encargará de incorporalo ó expediente de construción do buque.

Artigo 27. Inspección e control do proceso constructivo en territorio español dun buque de pavillón español.

1. A Área de Inspección Marítima da capitanía marítima no ámbito xeográfico da cal radique o estaleiro ou taller de construción, realizará un seguimento de todo o proceso constructivo levando a cabo tódalas actividades inspectoras necesarias para comprobar que:

a) O buque se constrúe de conformidade co proxecto previamente aprobado, e de acordo coas instrucións impartidas por escrito polo director de obra ó que se refire o artigo 26, 1.

b) O buque é acreedor dos certificados que segundo a súa clase e tamaño lle son esixidos pola normativa nacional ou internacional para o fin ó que vai ser destinado, e

c) Os aparellos, elementos, materiais e equipos, así como a maquinaria propulsora e auxiliar instalados a bordo, foron recoñecidos, aceptados, homologados ou aprobados, segundo corresponda, antes da súa montaxe.

2. O estaleiro ou taller constructor comunicarlle á Área de Inspección Marítima o inicio do fornecemento de aparellos, materiais, elementos ou equipos destinados ó buque, o comezo de calquera fase da construción que se poida identificar como propia deste, a data prevista para a posta da quilla e calquera outro momento da construción a comunicación do cal sexa requirida pola normativa vixente. A comunicación da posta da quilla producirase con, polo menos, tres días de antelación respecto da data prevista.

3. A Área de Inspección Marítima determinará, para efectos da aplicación da normativa nacional e internacional aplicable, a data de inicio da construción do buque, que coincidirá coa data de posta de quilla ou unha fase equivalente. Para estes efectos entenderase que o inicio da construción se atopa nunha fase equivalente cando concorran os requisitos do artigo 25, 1b).

4. Durante o proceso constructivo do buque, a Área de Inspección Marítima prestará unha especial atención ós seguintes eventos:

a) O proceso da botadura do buque, en caso de que este sexa construído en grada, sobre o que se efectuará un seguimento detallado conforme o disposto no artigo 30.

b) A proba de estabilidade efectuada, antes de que o buque realice as probas oficiais, con obxecto de comprobar que o buque ten unhas condicións de estabilidade satisfactorias para a súa entrada en servizo, de acordo cos requisitos esixidos pola normativa nacional e internacional que sexa de aplicación.

c) As probas oficiais, despois das cales se deberá proceder, en caso de resultado satisfactorio, á extensión dos certificados correspondentes, considerándose concluído o proceso constructivo, de acordo co artigo 31.

5. Con obxecto de comprobar que o buque é acreedor dos certificados que a normativa nacional e inter-

nacional esixe, efectuaranse os recoñecementos iniciais asociados ós ditos certificados. Estes recoñecementos consistirán nunha inspección completa, acompañada de probas cando sexa necesario, da estrutura, as máquinas e o equipo do buque, coa finalidade de garantir que se cumpren as prescricións pertinentes da normativa nacional ou internacional para o certificado de que se trate e que son adecuados e se atopan en estado satisfactorio para o servizo ó que estea destinado o buque. Para tal efecto realizaranse as seguintes actuacións:

a) Un exame de tódolos planos, diagramas, especificacións, cálculos e demais documentación técnica.

b) Unha inspección dos materiais, dos escantillóns, da construción e da disposición xeral do buque, comprobando que se axustan ós planos aprobados, diagramas, especificacións, cálculos e demais documentación técnica e que tanto a calidade do traballo como da instalación e montaxe é satisfactoria en tódolos seus aspectos.

c) Unha comprobación de que se levan a bordo tódolos certificados, libros de rexistro, manuais de instrucións e demais documentación especificada polas prescricións pertinentes.

6. As actividades inspectoras realizadas durante o proceso constructivo do buque non terán como finalidade a seguridade industrial ou laboral das obras, procesos e operacións efectuados durante a súa construción, senón a seguridade marítima e a protección do medio mariño en relación co servizo ó que vaia estar destinado o buque, tal e como se establece no artigo 1.

Artigo 28. Inspección e control da construción en territorio español de buques destinados á exportación.

1. Cando a Administración do Estado onde vaia ser abandeirado o buque solicite da Administración española, de conformidade co disposto nos convenios internacionais sobre a materia, a realización das inspeccións e recoñecementos no seu nome, a Dirección Xeral da Mariña Mercante, de acordo co mesmo procedemento establecido para buques destinados a enarborar pavillón español, procederá a:

a) Comprobar que o buque, ademais de ser construído de conformidade co proxecto previamente aprobado, cumpre os requisitos esixidos polos convenios internacionais.

b) Verificar que o buque está en condicións de saír ó mar e de realiza-las navegacións que se teñan previstas antes do seu abandeiramento baixo outro pavillón, sen perigo para a seguridade marítima e para a conservación do medio mariño.

c) Expedir, en caso de que o buque resulte acreedor deles, os certificados requiridos pola futura Administración de bandeira do buque.

No suposto de que o buque non sexa acreedor dos certificados solicitados, a Dirección Xeral da Mariña Mercante non procederá á súa expedición, e informará de tal circunstancia á Administración solicitante.

2. Cando a realización das inspeccións e recoñecementos non lle sexa solicitada á Administración española, procederase da seguinte forma:

a) En caso de que a Administración de bandeira envíe inspectores propios para a súa realización, a Dirección Xeral da Mariña Mercante limitarase a verificar que a construción se realiza de conformidade co proxecto e coa documentación técnica aprobados e que o buque está en condicións de saír ó mar sen perigo para a seguridade marítima e para a conservación do medio mariño, cumprindo ata o momento do seu abandeiramento defi-

nitivo os requisitos aplicables dos convenios internacionais sobre a materia.

b) En caso de que a Administración de bandeira delegue tales actividades nunha sociedade de clasificación de buques ou noutra entidade privada que realice funcións de inspección, a Dirección Xeral da Mariña Mercante, ademais de cumprir co disposto na alínea anterior, asegurarse de que se o buque vai ser abandeirado nun Estado Membro da Unión Europea, a entidade estea clasificada como organización recoñecida de conformidade co disposto na normativa comunitaria en vigor, relativa a regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e peritaxe de buques e para as actividades correspondentes das administracións marítimas. Pola súa parte, o estaleiro ou taller constructor informará a Dirección Xeral da Mariña Mercante dos certificados que a sociedade de clasificación está autorizada a emitir en nome da Administración de bandeira.

c) Cando non concorran ningún dos supostos anteriores, o buque será inspeccionado, recoñecido e certificado como se se tratase dun buque destinado a enarborar pavillón español.

Artigo 29. *Inspección e control das transformacións e reformas en territorio español de buques de pavillón estranxeiro.*

1. Requirirán a autorización previa do proxecto correspondente, outorgada polo director xeral da Mariña Mercante, as transformacións e reformas, en territorio español, de buques de pavillón estranxeiro de eslora (L) maior ou igual a 24 m, que supoñan importantes alteracións nas súas dimensións principais, capacidade de carga, condicións de estabilidade ou nas súas condicións de resistencia estrutural. Tamén requirirán autorización previa as que supoñan unha separación en dúas ou máis partes do seu casco ou as que, por cambio do tipo de buque ou por variación de calquera outra das súas características propias, supoñan un cambio significativo nos requisitos esixidos pola normativa internacional.

Estas autorizacións serán solicitadas polo estaleiro ou taller encargado de realiza-los traballos e tramitadas, resolvidas, modificadas ou anuladas, segundo proceda, de acordo co procedemento regulado neste capítulo para as construcións en territorio español de buques destinados á exportación.

2. A inspección e o control dos traballos correspondentes realizaranse de acordo co disposto no artigo anterior para novas construcións en territorio español de buques destinados á exportación, e requirirá a designación dun director de obra, de acordo co disposto no artigo 38 para buques de pavillón español.

3. As reparacións de buques de pavillón estranxeiro que sexan consecuencia dunha inspección efectuada sobre a base do disposto no artigo 45, serán obxecto dun recoñecemento que consistirá en comprobar que se emendaron as deficiencias encontradas na primeira inspección realizada e que o buque está en condicións de saír ó mar, sen perigo para a seguridade marítima e para a conservación do medio mariño.

Artigo 30. *Inspección e control da botadura de buques construídos en territorio español.*

1. O estaleiro ou taller titular da autorización de construción do buque solicitará autorización para efectuar a botadura do buque en construción, polo menos con 15 días de antelación a ela, ó capitán marítimo da capitanía no ámbito xeográfico da cal radiquen aqueles.

2. A solicitude irá acompañada da documentación que detalle as condicións en que a operación vai ser realizada, así como os cálculos técnicos realizados para

garanti-la seguridade da operación, entre os que se incluírá un estudo da estabilidade do buque despois da súa posta a flote.

3. O capitán marítimo ordenará o exame da documentación e o seguimento de todo o proceso á Área de Inspección Marítima e, logo de informe desta, resolverá sobre a dita solicitude nun prazo máximo de 10 días, notificándolle tal resolución ó estaleiro ou taller solicitante.

Artigo 31. *Probas oficiais de buques construídos en territorio español.*

1. Antes de que un buque construído en territorio español entre en servizo, realizaranse unhas probas oficiais encamiñadas a comprobar que o buque cumpre tódolos requisitos que a seguir se enumeran:

a) Foi construído de acordo co proxecto aprobado previamente.

b) Encóntrase en condicións de presta-los servizos correspondentes á súa clase por estar dotado dos elementos que esixen a normativa nacional ou internacional que lle sexa de aplicación.

c) É acredor de tódolos certificados esixidos pola normativa en vigor.

d) Está equipado dabondo.

e) A súa tripulación atópase debidamente capacitada.

2. Na normativa de desenvolvemento deste regulamento, e en función do tipo de buque e do tráfico que está destinado a realizar, determinaranse as probas que deben realizarse ós buques destinados a enarborar pavillón español, que incluírán, segundo proceda, probas do aparello de goberno, da maquinaria de cuberta, da maquinaria principal e auxiliar, dos sistemas de control, de manobrabilidade, así como calquera outra que poida ser necesaria para determina-lo disposto no número anterior.

3. O estaleiro ou taller titular da autorización de construción solicitaralle ó capitán marítimo da capitanía no ámbito xeográfico da cal radiquen estes a autorización para realiza-las probas oficiais do buque, polo menos con dez días de antelación, xuntándolle á solicitude a documentación que conteña a planificación prevista e unha descrición de tódalas probas que van ser realizadas.

4. A Área de Inspección Marítima da Capitanía onde se presente a solicitude, examinará a documentación técnica adxunta e informará o capitán marítimo da súa adecuación á normativa aplicable, con obxecto de que este proceda á súa resolución.

Se, durante o proceso de construción, existiu algún reparo por parte dos inspectores encargados da supervisión do proxecto e do proceso non se concederá o permiso para a realización das probas, ata que non sexa comprobado por parte da Área de Inspección Marítima que os ditos reparos se resolveron.

A Área de Inspección Marítima efectuará un seguimento do desenvolvemento das probas.

5. Do resultado das probas oficiais estenderase unha acta, que será asinada polos inspectores ou subinspectores que efectuaron o seguimento e polo capitán marítimo correspondente.

CAPÍTULO IV

Inspección e control da construción no estranxeiro de buques destinados a enarborar pavillón español

Artigo 32. *Construción no estranxeiro de buques destinados a enarborar pavillón español.*

1. A construción no estranxeiro dun buque destinado a enarborar pavillón español requirirá a aproba-

ción previa do proxecto de construción pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, con obxecto de verificalo seu cumprimento con toda a normativa nacional ou internacional aplicable, de acordo coas súas características e co fin ó que vai ser destinado, en materia de seguridade marítima e prevención da contaminación do medio mariño.

No caso de que a construción dun buque destinado a enarborar pavillón español se realice en diferentes lugares, cada unha das partes do buque ou das fases de construción que se realicen en territorio estranxeiro, requirirá unha aprobación propia de conformidade co disposto neste artigo.

2. A solicitude de aprobación será dirixida polo operador ou titular contratante ó director xeral da Mariña Mercante e irá acompañada do proxecto do buque, integrado polo conxunto das especificacións, cálculos, planos, xustificacións, orzamentos e demais documentos técnicos que definan e determinen as esixencias e requisitos da construción. O proxecto deberá incluír toda a documentación específica que determine a normativa en vigor e xustificar tecnicamente as solucións propostas de acordo coas disposicións requiridas pola normativa aplicable en materia de seguridade marítima e prevención da contaminación do medio mariño.

3. Na medida en que a lexislación do país onde vai ser construído o buque o permita, seguirase o mesmo procedemento establecido no capítulo anterior para a autorización do proxecto de construción de buques en territorio español.

a) O procedemento será resolvido e notificado nun prazo máximo de seis meses, trala comprobación pola Dirección Xeral da Mariña Mercante de que o proxecto e a documentación técnica asociada cumpren os requisitos.

b) Da normativa aplicable. A resolución seralle notificada ó titular solicitante e, de ser favorable, indicarse tamén a forma en que será realizado o seguimento da citada construción, que poderá ser efectuado ben por inspectores ou subinspectores da Dirección Xeral da Mariña Mercante, designados e enviados para o efecto, ben por organizacións autorizadas, ou ben pola Administración do país no territorio do cal se vaia realizar a construción, de acordo co estipulado nos diversos convenios internacionais que sexan de aplicación.

4. No caso de que o seguimento da construción sexa efectuado por unha organización autorizada, a Dirección Xeral da Mariña Mercante especificará os recoñecementos e inspeccións que a citada organización deba levar a cabo. En calquera momento do proceso constructivo, a Dirección Xeral da Mariña Mercante poderá enviar inspectores para supervisalo seguimento da construción por parte da organización autorizada. Este centro directivo expedirá os certificados esixidos pola normativa nacional ou internacional aplicable, con base nos informes elaborados polas organizacións autorizadas ou polos seus propios inspectores.

5. No suposto de que o seguimento da construción sexa efectuado pola Administración do país no territorio do cal se vai construí-lo buque, a Dirección Xeral da Mariña Mercante levará a cabo os trámites necesarios para que o dito seguimento se produza, indicando os recoñecementos e inspeccións que habería de realizar a citada Administración, así como os certificados que debería emitir.

6. Os gastos que se orixinen como consecuencia do desprazamento de inspectores a outros países por requirimento da empresa navieira, correrán por conta dela.

CAPÍTULO V

Inspección e control de buques procedentes doutros rexistros para o seu abandeiramento en España

Artigo 33. Inspección e control de buques procedentes de rexistros de Estados do espazo económico europeo para o seu abandeiramento en España.

1. Rexerese polo disposto no Regulamento (CE) 613/91, do Consello, do 4 de marzo, relativo ó cambio de rexistro de buques dentro da Comunidade, a expedición de certificados que se citan no seu artigo 1 e, se é o caso, o resto das actividades inspectoras relativas ós buques mercantes procedentes de rexistros de Estados do espazo económico europeo suxeitos ó seu ámbito de aplicación. A Dirección Xeral da Mariña Mercante será o órgano competente para a aplicación do citado regulamento.

2. Rexerese polo disposto no artigo 34 deste regulamento a expedición de certificados e a realización, se é o caso, das restantes actividades inspectoras relativas ós buques mercantes procedentes de rexistros de estados do espazo económico europeo, nos seguintes casos:

a) Os certificados dos buques comprendidos no ámbito de aplicación do Regulamento (CE) 613/91 e non incluídos no seu artigo 1.

b) Os certificados correspondentes ós buques non comprendidos no ámbito de aplicación do Regulamento (CE) 613/91.

3. Unha vez obtido o pavillón español, estes buques rexeranse para tódolos efectos polo disposto neste regulamento e polo resto da normativa nacional de aplicación ós buques de pavillón español.

4. A bordo do buque deberase dispor, polo menos en lingua castelá, da documentación e planos esixidos no artigo 22 e na súa normativa de desenvolvemento, para a autorización do proxecto de construción dun buque en territorio español.

Artigo 34. Inspección e control de buques procedentes de rexistros de Estados non pertencentes ó espazo económico europeo para o seu abandeiramento en España.

1. Todos aqueles buques procedentes de rexistros non pertencentes a estados do espazo económico europeo que soliciten o seu abandeiramento en España, serán sometidos, para a extensión de novos certificados, a recoñecementos do tipo renovación, regulados no artigo 36, correspondentes á súa clase, tamaño e data de construción, e seranlles aplicados tódolos requisitos dos convenios internacionais correspondentes, ademais de tódolos requisitos adicionais da regulamentación nacional correspondentes á súa clase e tamaño.

2. Unha vez obtido o pavillón español, os ditos buques rexeranse para tódolos efectos polo disposto neste regulamento e polo resto da normativa nacional de aplicación ós buques de pavillón español.

3. A bordo do buque deberase dispor, polo menos en lingua castelá, da documentación e planos esixidos no artigo 22 e na súa normativa de desenvolvemento para a autorización do proxecto de construción dun buque en territorio español.

4. Malia o disposto no número 1 anterior, o recoñecemento tipo renovación poderá ser substituído pola validación de todos ou parte dos certificados anteriores do buque e polo período de vixencia deles, en función das características e tipos dos buques e dos requisitos esixidos pola Administración de orixe para a extensión dos ditos certificados.

CAPÍTULO VI

Inspección e control dos buques de pavillón español en servicio**Artigo 35. *Entrada en servicio dos buques de pavillón español.***

1. Finalizadas as probas oficiais e estendidos os certificados aplicables de conformidade coa normativa nacional e internacional, os buques de nova construción de pavillón español quedarán autorizados, sempre que se cumprisen o resto dos trámites requiridos pola normativa vixente noutras materias, a presta-lo servicio que segundo a súa clase lles corresponda.

2. Os buques importados e todos aqueles que, estando orixinariamente exentos da aplicación deste regulamento, pasen a unha situación na que lles sexa aplicable, unha vez obtidos os certificados requiridos pola normativa nacional e internacional segundo o disposto no capítulo V deste título e no artigo 46, quedarán autorizados a presta-lo servicio que segundo a súa clase lles corresponda.

3. Todo buque civil de pavillón español, con obxecto de comproba-lo seu cumprimento coas disposicións da normativa nacional ou internacional aplicable e de asegurar en todo momento unhas condicións suficientes de seguridade marítima e de protección do medio mariño, quedará suxeito, durante o seu servicio, a un réxime programado de recoñecementos, de acordo cos prazos e disposicións establecidos no artigo 36 e a normativa de desenvolvemento deste regulamento, e inspeccións e recoñecementos non programados, de conformidade co disposto no artigo 37 e na normativa de desenvolvemento deste regulamento.

4. A Dirección Xeral da Mariña Mercante, con suxeición ó disposto sobre esta materia na normativa internacional e ó regulado neste regulamento e na súa normativa de aplicación, establecerá a programación das diferentes actuacións inspectoras durante a etapa na cal os buques prestan servicio, de conformidade coas súas propias dispoñibilidades tanto de persoal como de medios materiais.

Artigo 36. *Inspeccións e recoñecementos programados.*

1. Os recoñecementos programados realizaranse en intervalos regulares de tempo, ben para comproba-lo mantemento das condicións do buque despois da última emisión dun certificado, caso en que suporán un referendo deste, ou ben para comprobar se o buque é acreedor da renovación do dito certificado se o seu período de validez concluíu ou está próximo a concluír.

2. Dentro deste tipo de recoñecementos pódense distinguir, en relación cun determinado certificado, os seguintes:

a) Recoñecemento periódico: que consistirá nunha inspección de tódolos elementos relacionados co certificado correspondente, acompañada das probas que poidan ser necesarias, con obxecto de garantir que se atopan en estado satisfactorio e son idóneos para o servicio a que estea destinado o buque. Tamén se verificará que se levan a bordo tódolos certificados, libros de rexistro, manuais de instrucións e demais documentación especificada nas prescricións pertinentes para o certificado de que se trate.

b) Recoñecementos de renovación: recoñecemento que comporta a expedición dun novo certificado, e que por tanto se efectuará a intervalos regulares de tempo determinados polo período de validez do dito certificado e que consistirá nunha inspección, acompañada de pro-

bas cando sexa necesario, da estrutura, das máquinas e do equipo, co fin de garantir que se cumpren as prescricións pertinentes ó certificado de que se trate e que o seu estado é satisfactorio e idóneo para o servicio ó que estea destinado o buque. Tamén se verificará que se levan a bordo tódolos certificados, libros de rexistro, manuais de instrucións e demais documentación especificada nas prescricións pertinentes para o certificado de que se trate.

c) Recoñecemento intermedio: que consistirá nunha inspección minuciosa de determinados elementos relacionados co certificado correspondente, con obxecto de garantir que se atopan en estado satisfactorio e son adecuados para o servicio a que estea destinado o buque.

d) Recoñecemento anual: que consistirá nunha inspección xeral dos elementos relacionados co certificado correspondente, con obxecto de garantir que foron obxecto de mantemento e continúan sendo satisfactorios para o servicio ó que estea destinado o buque. O recoñecemento anual deberalle permitir ó inspector constatar que o estado do buque, das súas máquinas ou do seu equipo se manteñen coas prescricións pertinentes e consistirá nunha revisión do certificado correspondente, nun exame visual suficientemente amplo do buque e do seu equipo que permita confirmar que nin o buque nin o seu equipo foron obxecto de modificacións non autorizadas e nas probas necesarias para confirmar que o seu estado se mantén adecuadamente. O recoñecemento debe ser tan minucioso ou rigoroso como esixa o estado do buque e do seu equipo e poderanse realiza-los exames e probas adicionais que se estimen oportunas.

e) Inspección do exterior da obra viva do buque: exame da parte somerxida do casco do buque e recoñecemento dos elementos conexas con obxecto de garantir que se atopan en estado satisfactorio, son idóneos para o servicio ó que estea destinado o buque e que se cumpren os requisitos esixidos na normativa nacional ou internacional aplicable. Estas inspeccións deben realizarse estando o buque en seco. Emporiso poderase autorizar, en determinados casos, a substitución da inspección en dique seco por unha inspección submarina co buque a flote sempre e cando as condicións para a súa realización sexan satisfactorias, se dispoña do equipo e persoal adecuado para levalas a cabo e os buques non excedan dun determinado límite de idade.

f) Recoñecementos e auditorías relativas ó Código ISM: recoñecementos ou auditorías realizados ó buque ou á empresa operadora do buque para verifica-lo cumprimento co capítulo IX do Convenio SOLAS.

Artigo 37. *Inspeccións e recoñecementos non programados.*

1. Todo buque civil de pavillón español quedará tamén suxeito, durante todo o seu período de servicio, a inspeccións e recoñecementos non programados, de acordo coas disposicións establecidas na normativa nacional e internacional, con obxecto de comproba-lo seu cumprimento e de asegurar en todo momento unhas condicións suficientes de seguridade do buque, da vida humana no mar e da navegación, así como de prevención da contaminación do medio mariño.

2. Dentro deste tipo de recoñecementos pódense distinguir-los seguintes:

a) Recoñecemento adicional: realizarase despois de sufrilo buque unha varadura, abordaxe, graves avarías por temporal ou outro motivo, ou avarías en elementos importantes da súa maquinaria; ou ben cando se descubra algún defecto que afecte á seguridade ou integridade do buque ou á eficacia ou integridade do seu

equipo. Débense realizar de modo que se garanta que as reparacións ou renovacións se levaron a cabo adecuadamente e que o buque e o seu equipo continúan cumprindo os requisitos da normativa nacional e internacional que lles sexa aplicable e sendo aptos para o servizo ó que estea destinado o buque.

b) Recoñecemento extraordinario: levarase a cabo cando se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 16, e cando existan claros indicios para sospeitar que o estado do buque ou do seu equipo non corresponde no esencial ós pormenores dun dos certificados que lle correspondan segundo o seu grupo, clase e tamaño ou cando, como consecuencia do último recoñecemento programado, resulte necesario, por causa de evidente necesidade, levar a cabo unha inspección máis detallada do buque ou dalgunha das súas partes ou equipos, ou realizar novos recoñecementos antes do transcurso do prazo regulamentario para un novo recoñecemento programado. Estes recoñecementos poden ser tan completos como se considere necesario por parte do inspector correspondente e poden afectar a calquera parte, equipo, servizo ou elementos do buque.

c) Recoñecementos operativos non programados: faranse para verifica-lo cumprimento coas prescricións normativas aplicables sobre a operación e utilización do buque, tanto en navegación como na realización das diferentes actividades relacionadas co seu servizo que poidan ter unha influencia sobre a seguridade marítima e a prevención da contaminación do medio mariño.

d) Recoñecementos para autorización de remolques: realizaranse cando se prevexa o traslado do buque nestas circunstancias, de conformidade co disposto na normativa de desenvolvemento deste regulamento.

Artigo 38. *Inspección e control das transformacións, reformas e grandes reparacións de buques de pavillón español.*

1. A transformación, reforma ou gran reparación dun buque de pavillón español requirirá a autorización previa do proxecto por parte do director xeral da Mariña Mercante, con obxecto de verifica-lo cumprimento do dito proxecto coa normativa nacional ou internacional aplicable, de acordo coas características do buque e co fin ó que está destinado, en materia de seguridade marítima e prevención da contaminación do medio mariño.

No caso de que a transformación ou reforma dun buque se realice en diferentes lugares, cada unha das partes do buque ou das fases da transformación ou reforma, requirirán unha autorización específica de conformidade co disposto neste artigo.

2. Se a transformación, reforma ou reparación vai ser realizada en territorio español, a solicitude será presentada polo estaleiro ou polo taller encargado dos traballos e polo operador ou empresa operadora do buque, na capitania marítima no ámbito xeográfico da cal radique o estaleiro ou taller. Se vai ser realizada no estranxeiro, será presentada polo operador ou pola empresa operadora ante a Dirección Xeral da Mariña Mercante.

3. As solicitudes serán dirixidas ó director xeral da Mariña Mercante e irán acompañadas do proxecto de transformación, reforma ou reparación do buque, integrado polo conxunto das especificacións, cálculos, planos, xustificacións, orzamentos e demais documentos técnicos que definan e determinen as esixencias técnicas das obras. O proxecto deberá incluír toda a documentación específica que determine a normativa en vigor e xustificar tecnicamente as solucións propostas de acordo coas disposicións requiridas pola normativa técnica aplicable en materia de seguridade marítima e prevención da contaminación do medio mariño.

4. O proxecto será redactado e subscrito por un técnico titulado competente, que reúna as condicións

esixibles para o exercicio da súa profesión, e visado polo colexio oficial ó que pertenza.

5. Cando a normativa aplicable requira que, con antelación á autorización do proxecto de transformación, reforma ou reparación de buques pesqueiros, sexa emitido un informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou da Comunidade Autónoma correspondente con competencia na materia, non se outorgará a autorización do proxecto sen que o dito trámite fose realizado.

6. O expediente será resolvido nun prazo máximo de seis meses e a resolución notificaráselles ós interesados segundo o disposto na LRXPAC.

No non previsto neste artigo, haberá que se ater ó disposto no artigo 23 se as actuacións son en territorio español e no 32 se son no estranxeiro.

7. A modificación das solicitudes de autorización das transformacións, reformas ou reparacións de buques, así como dos proxectos ou documentación técnica correspondente, realizarase de acordo co disposto no artigo 24.

8. Outorgada a autorización, designarase un director de obra e un director da execución da obra, segundo o disposto no artigo 26.

Tamén será de aplicación, se procede, o disposto nos artigos 30 e 31, relativos á inspección e control de botaduras e á realización de probas oficiais.

9. As reparacións de buques de pavillón español que se deban realizar no estranxeiro, por avarías, accidentes, ou outras causas de sinistralidade que lle impidan ó buque regresar a territorio español, seguirán o previsto no artigo 39, sobre inspección e recoñecemento de buques de pavillón español en portos estranxeiros.

10. As transformacións, reformas ou reparacións realizadas en buques ou embarcacións menores de 24 metros de eslora (L) poderán ser eximidas do procedemento xeral de autorización regulado neste artigo, sempre que a Área de Inspección Marítima verifique que os cambios previstos no buque ou na embarcación non incidan significativamente sobre as condicións de seguridade marítima nin sobre a integridade do medio mariño.

A solicitude de exención, xunto coa documentación técnica que defina e determine as esixencias técnicas da obra, será dirixida ó capitán marítimo da Capitania de Primeira no ámbito xeográfico da cal se vaia realizar.

A Área de Inspección Marítima examinará a documentación técnica achegada e tras avaliala influencia que os cambios previstos poden ter na seguridade marítima ou na integridade do medio mariño, informará o capitán marítimo para que proceda a resolve-la solicitude presentada.

Recoñecida a exención, a Área de Inspección Marítima verificará que as obras se realizan de acordo coa normativa vixente e coa documentación técnica presentada. En caso de denegación da solicitude de exención procederá de acordo co procedemento de autorización previa regulado neste artigo para o resto dos buques.

Artigo 39. *Inspección e recoñecemento en portos estranxeiros de buques con pavillón español.*

1. De conformidade co disposto no artigo 7.1 do Real decreto 2662/1998, do 11 de decembro, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e control de buques e para as actividades correspondentes á Administración marítima, a inspección e recoñecemento dos buques con pavillón español en portos estranxeiros serán levados a cabo por organizacións autorizadas polo Estado español nos seguintes casos:

a) Cando un buque de pavillón español con destino a un porto español se encontre en porto estranxeiro

e necesite prorrogalo prazo de validez de calquera certificado por se aproxima-la data da súa caducidade.

b) Cando un buque de pavillón español estea dedicado a realizar viaxes entre portos estranxeiros e resulte prexudicial para a súa explotación comercial o seu traslado a porto nacional para realizar algún dos recoñecementos preceptivos.

c) Cando un buque de pavillón español, por avaría ou outras causas de sinistralidade, deba de ser obxecto de recoñecementos no estranxeiro.

2. Malia o disposto no número anterior, cando unha organización autorizada polo Estado español non leve a cabo o recoñecemento solicitado polo capitán ou polo operador do buque, estes solicitaranlle a realización do recoñecemento á Dirección Xeral da Mariña Mercante que, á vista das circunstancias que concorran en cada caso, decidirá se envía inspectores da Administración española ou se lle solicita o recoñecemento do buque á Administración do país no porto do cal se encontre o buque, comunicándolle a resolución adoptada ó solicitante.

A Dirección Xeral da Mariña Mercante comprobará as causas que deron lugar á negativa da organización autorizada a realiza-los recoñecementos para constatar se se dan os motivos previstos no Real decreto 2662/1998 para iniciar expediente sancionador ou, se é o caso, revoga-la autorización.

No caso de que o recoñecemento se solicite da Administración do país onde se atope o buque, a Dirección Xeral da Mariña Mercante efectuará os trámites necesarios para o efecto.

Os certificados expedidos pola Administración española ou pola Administración do país en que se encontre o buque, así como os referendos ou anotacións que se efectúen nos certificados do buque, terán a mesma validez que se as actuacións se realizasen en territorio español.

3. Os gastos que se orixinen como consecuencia do desprazamento de inspectores a outros países por requirimento da empresa navieira, correrán por conta dela.

Artigo 40. *Procedemento especial sumario de retención de buques.*

1. A retención dun buque, como medida de policía fundada en motivos de seguridade marítima ou de prevención da contaminación do medio mariño, adoptárase nos casos previstos polas súas normas reguladoras, de conformidade co procedemento establecido neste artigo.

2. O capitán marítimo adoptará o acordo de iniciación do procedemento, indicando brevemente os feitos e circunstancias nos que se fundamenta a medida que se vai tomar, identificando os posibles responsables e facendo constar que é o órgano competente para resolve-lo expediente.

Neste acordo daráselle audiencia única ó interesado, comunicándolle o seu dereito a formular alegacións e a propoñer proba no prazo improrrogable de tres días, e acordarase a retención do buque como medida cautelar.

3. Se o capitán marítimo acorda, de oficio ou por instancia de parte, a apertura dun período de proba, practícase esta nun período máximo de cinco días, e conclúese o procedemento como se indica no número seguinte.

4. Practicada a proba e non presentadas alegacións, ou se presentadas non se solicitou o recibimento a proba, o capitán marítimo dictará resolución no prazo máximo de dous días, pola que acordará a retención con carácter definitivo ou ben levantará a medida cautelar da reten-

ción do buque. Contra a resolución do capitán marítimo os interesados poderán interpoñer-lo recurso de alzada ante o director xeral da Mariña Mercante.

5. A retención definitiva dun buque de pavillón español suporá a prohibición de abandona-lo porto onde se encontre, agás para dirixirse ó estaleiro ou taller de reparacións que se autorice, sen poñer en grave perigo a seguridade marítima ou a conservación do medio mariño. A retención definitiva só se levantará con informe favorable do xefe da Área de Inspección Marítima da capitania marítima no ámbito xeográfico da cal estea situado o estaleiro ou taller de reparacións, que lle remitirá o dito informe ó capitán marítimo que ordenou a retención do buque.

En caso de que unha retención provisional non se converta en definitiva, efectuarase unha anotación no certificado correspondente e no rol do buque, permitiéndolle ó buque saír do porto de inspección para que as devanditas deficiencias sexan reparadas, ben no próximo porto de destino ou ben no prazo que se determinase para iso.

6. En calquera das circunstancias expostas nos puntos anteriores, a retención do buque non se prolongará máis alá do tempo necesario para realiza-las actuacións precisas tendentes á reparación das anomalías detectadas.

7. Se algún elemento, equipo, maquinaria ou instalación dun buque de pavillón español non se atopase en condicións de prestar servizo e iso non afectase á seguridade da navegación ou a integridade do medio mariño, non se procederá necesariamente á retención do buque, e poderase conceder, de modo alternativo, un prazo para o seu recoñecemento ou reparación. Entrementres, prohibírase a utilización dos servizos inherentes ó dito elemento, equipo, maquinaria ou instalación, e o buque quedará sen tales servizos e deberase anotar tal evento, se procede, no seu correspondente certificado.

Artigo 41. *Inspección e control do proceso de desmantelamento ou afundimento voluntario dun buque.*

Cando se vaia proceder ó desmantelamento ou afundimento voluntario dun buque, e con obxecto de garantir-la seguridade da vida humana no mar e da navegación, e a conservación do medio mariño, o buque será sometido ás inspeccións e controis establecidos na normativa nacional e internacional aplicable.

CAPÍTULO VII

Aparellos, elementos, materiais e equipos a bordo de buques de pavillón español

Artigo 42. *Certificación de aparellos, elementos, materiais e equipos a bordo de buques de pavillón español.*

1. Deberán cumprir co disposto no Real decreto 809/1999, do 14 de maio, polo que se regulan os requisitos que deben reuni-los equipos mariños destinados a ser embarcados en buques, os equipos mariños incluídos no seu anexo A.1 que vaian ser destinados ó uso a bordo dos buques especificados no artigo 3 do citado real decreto ou doutros buques obrigados a iso pola normativa nacional ou internacional.

2. Os equipos mariños especificados no anexo A.1 do Real decreto 809/1999, que vaian ser destinados ó uso a bordo de buques non suxeitos ó ámbito de aplicación do citado real decreto, requirirán un dos seguintes documentos:

a) Unha certificación e unha marcaxe segundo o disposto no Real decreto 809/1999.

b) Unha declaración de aprobación ou homologación da Administración española de acordo cos procedementos e disposicións contidas neste capítulo e na normativa de desenvolvemento deste regulamento.

3. O resto de equipos mariños non especificados no anexo A.1, así como outros elementos e aparellos que requiran aprobación ou homologación por parte da normativa nacional ou internacional aplicable, serán aprobados ou homologados, segundo corresponda, pola Administración española de acordo cos procedementos e disposicións deste capítulo e da normativa de desenvolvemento deste regulamento.

Artigo 43. Recepción de aparellos, elementos, materiais e equipos que van ser instalados a bordo de buques de pavillón español.

1. Antes da súa montaxe a bordo, comprobarase que tódolos aparellos, elementos ou equipos do buque, esixidos en virtude da normativa nacional ou internacional aplicable e por razóns de seguridade marítima ou de prevención da contaminación do medio mariño, foron, segundo proceda, certificados e marcados de conformidade co Real decreto 809/1999 ou aprobados ou homologados pola Administración española de conformidade co establecido neste capítulo e na normativa de desenvolvemento deste regulamento.

En todos aqueles recoñecementos programados que se lle realicen ó buque en virtude deste regulamento e da súa normativa de desenvolvemento e que teñan por obxecto a inspección dos aparellos, elementos ou equipos deste, verificarase que estes foron marcados, aprobados ou homologados de acordo coas normas que lles sexan de aplicación.

2. Antes da súa incorporación á estrutura ou a calquera outra parte do buque, comprobarase que tódolos materiais, esixibles en virtude da normativa nacional ou internacional de aplicación por razóns de seguridade marítima ou de prevención da contaminación do medio mariño, cumpren coas especificacións, propiedades, cualidades ou outros requisitos que sexan impostos pola dita normativa. Unha vez efectuadas as citadas comprobacións o material considerarase aceptado e poderá ser incorporado ó buque.

3. A Dirección Xeral da Mariña Mercante limitarase exclusivamente a verifica-las características dos aparellos, elementos ou equipos que teñan que se instalar a bordo dos buques cando poidan ter influencia na seguridade marítima ou na prevención da contaminación do medio mariño, con independencia doutras actuacións, revisións ou controis alleos ó ámbito de responsabilidade da Administración marítima.

Artigo 44. Aprobación e homologación de aparellos, elementos e equipos pola Administración española.

1. Considerarase aprobado todo aparello, elemento ou equipo do buque que superase as comprobacións, probas e ensaios establecidos pola normativa nacional ou internacional aplicable, con obxecto de verifica-lo seu cumprimento coas especificacións e normas de funcionamento prescritas pola dita normativa, e que, por conseguinte, sexa apto para o servizo ó que vai ser destinado.

O certificado de aprobación só fará referencia ó aparello, elemento ou equipo sometido ó proceso de aprobación, e non será extensible ós demais da súa serie. Poderase someter, sen embargo, a un proceso de aprobación un lote de aparellos, elementos ou equipos; neste caso o certificado de aprobación comprenderá cada un dos compoñentes do dito lote.

O certificado de aprobación tamén poderá versar sobre a instalación do produto a bordo dun buque concreto, que debe ser adecuadamente identificado.

2. Considerarase homologado todo aparello, elemento ou equipo do buque que fose declarado como tal, despois de o seu prototipo de serie supera-las comprobacións, probas e ensaios establecidos pola normativa nacional ou internacional aplicable, con obxecto de verifica-lo cumprimento das especificacións e normas de funcionamento prescritas.

A certificación de homologación comprenderá toda a serie de elementos ou aparellos con idénticas características ás do prototipo. A validez da homologación quedará suxeita a unhas condicións de utilización especificadas no certificado.

3. As certificacións de homologación perderán a súa validez nos seguintes casos:

a) Cando se exceda da data de caducidade indicada no certificado.

b) Cando, durante o período de validez establecido para o certificado de homologación, se produzan cambios nas condicións esixidas pola normativa aplicable para o aparello, elemento ou equipo. Para obter unha nova declaración de homologación válida, un novo prototipo someterase a un proceso de homologación nas condicións que na dita normativa se determinen.

c) Cando se produza calquera alteración significativa nas características do produto homologado.

En calquera dos supostos anteriores deberase obter unha nova declaración de homologación válida, sometendo un novo prototipo a un proceso de homologación nas condicións que a normativa en vigor determinen para o dito aparello, elemento ou equipo, ou ben complementarase o proceso anterior se as circunstancias así o permiten.

4. Para un buque en servizo a certificación de homologación debe ser válida no momento da subministración do aparello, elemento ou equipo para a súa instalación a bordo. Para un buque en construción, debe ser válida, ademais, na data de posta da quilla do buque.

En calquera dos dous casos a homologación do aparello, elemento ou equipo debe ser válida para o tipo de buque en cuestión.

5. Os aparellos, elementos e equipos que polas súas características teñan unha duración limitada e por tanto leven asociada unha data de caducidade, non poderán ser mantidos a bordo máis alá da dita data, procedéndose inmediatamente ó seu desembarco ou destrución.

O resto dos aparellos, elementos e equipos instalados a bordo que cumpran as condicións anteriores, poderán ser utilizados por un período indefinido de tempo, independentemente da caducidade da declaración de homologación con base na cal foron admitidos, sempre que se manteñan en condicións satisfactorias de prestar servizo e que a normativa aplicable non esixa a súa substitución.

Cando calquera destes aparellos, elementos ou equipos vaia ser substituído, serao por outro que cumpra as especificacións e normas de funcionamento esixidas pola normativa en vigor no momento da súa instalación a bordo.

6. Un aparello, elemento ou equipo procedente dun buque de pavillón español poderá ser instalado a bordo doutro sempre e cando a súa certificación de homologación siga sendo válida en data e apta para o novo tipo de buque, a normativa aplicable non variase as condicións esixibles ó dito aparello, elemento ou equipo e este se atope en adecuadas condicións de mantemento e de prestar eficazmente servizo.

CAPÍTULO VIII

Outras inspeccións e controis

Artigo 45. *Inspección de buques de pavillón estranxeiro que fagan escala en portos españois.*

A inspección dos buques de pavillón estranxeiro en portos españois rexeráse polo disposto no Real decreto 768/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento para o control do cumprimento da normativa internacional sobre seguridade marítima, prevención da contaminación e condicións de vida e traballo nos buques estranxeiros que utilicen portos ou instalacións situadas en augas xurisdiccionais españolas e polos convenios internacionais en vigor.

Artigo 46. *Inspección e control de buques que, estando exentos da aplicación deste regulamento, pasen a utilizarse para servizos ós que si sexa de aplicación.*

Todos aqueles buques que, estando exentos da aplicación deste regulamento por algunha das circunstancias previstas no artigo 3, pasen a destinarse a un servizo para o que si sexa aplicable, serán sometidos a recoñecementos do tipo renovación, regulados no artigo 36, para a extensión dos certificados correspondentes á súa clase, tamaño e data de construción, e seránlles esixidos tódolos requisitos previstos na normativa internacional e nacional polos buques da súa clase e tamaño.

Artigo 47. *Inspección e control de buques que estiveron fóra de servizo durante un período de tempo prolongado.*

Os buques que, por teren estado fóra de servizo durante un período de tempo superior a dous anos, non estivesen suxeitos á aplicación deste regulamento e da súa normativa de desenvolvemento, serán sometidos a recoñecementos do tipo renovación, regulados no artigo 36, para a extensión de novos certificados correspondentes á súa clase, tamaño e data de construción, e seránlles aplicados tódolos requisitos esixibles pola normativa internacional e nacional polos buques da súa clase e tamaño.

TÍTULO III

Réxime sancionador

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 48. *Infraccións.*

1. O incumprimento das prescricións contidas neste regulamento e na súa normativa de desenvolvemento constitúen infraccións administrativas no ámbito da mariña civil e regularanse polo disposto nos capítulos III, IV e V do título IV da LPEMM.

2. As infraccións administrativas contidas neste regulamento clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 49. *Procedemento sancionador.*

1. As infraccións previstas neste regulamento serán sancionadas, logo de instrución do oportuno expediente, de acordo coas regras establecidas no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, coas especialidades contidas no Real

decreto 1772/1994, do 5 de agosto, polo que se adecúan determinados procedementos administrativos en materia de transportes e estradas ó disposto na LXPAC.

2. Os órganos competentes da Administración marítima están obrigados a toma-las medidas necesarias para detectar e indaga-las posibles condutas infractoras ó disposto neste regulamento e na súa normativa de desenvolvemento, así como para tramitar e resolve-los expedientes sancionadores que se inicien para tal efecto.

CAPÍTULO II

Clasificación de infraccións

Artigo 50. *Infraccións leves.*

1. De conformidade co previsto no artigo 114.4.a) da LPEMM, constitúen infraccións administrativas leves os seguintes feitos ou condutas:

a) A non exhibición ós inspectores ou subinspectores dos servizos de Inspección Marítima dos certificados ou outros documentos previstos neste regulamento ou na súa normativa de desenvolvemento que, constando de feito a bordo do buque, lle sexan requiridos por aqueles ó capitán ou persoa responsable do buque.

b) A non exhibición ós funcionarios citados da documentación relativa ás autorizacións de construción, reforma ou reparación dos buques que, constando nun taller ou estaleiro, lles sexa requirida polos ditos funcionarios ós responsables encargados do citado taller ou estaleiro.

c) Non levar a bordo do buque, téndoos en regra, os certificados e documentos previstos neste regulamento ou na súa normativa de desenvolvemento ou copias autenticadas deles, cando sexan requiridos polos funcionarios citados.

2. De conformidade co previsto no artigo 114.4.b) da LPEMM, constitúe infracción administrativa leve o incumprimento das normas regulamentarias en materia de mariña mercante sobre carga ou descarga de mercadorías a bordo ou embarque ou desembarque de pasaxeiros.

3. De conformidade co previsto no artigo 114.4.f) da LPEMM, constitúe infracción administrativa leve o incumprimento do deber de facilita-la información que lle deba ser subministrada á Administración marítima, por propia iniciativa ou por requirimento desta, ou facelo de maneira incorrecta ou deficiente. Para os efectos da súa máis precisa cualificación, considérase incluído na dita infracción o incumprimento do deber de facilita-la información que lles deba ser subministrada ás autoridades marítimas en materia de inspeccións por propia iniciativa ou por requirimento destas, ou facelo de maneira incorrecta ou deficiente.

Artigo 51. *Infraccións graves.*

1. De conformidade co previsto no artigo 115.2.h) da LPEMM, constitúe infracción administrativa grave o traspaso, por parte dos capitáns, patróns ou outro persoal marítimo, dos límites de atribucións que correspondan á titulación profesional ou de recreo que posúan.

2. De conformidade co previsto no artigo 115.2.j) da LPEMM, constitúe infracción administrativa grave a falta de coñecemento ou cumprimento por parte dos membros da tripulación de todo buque civil español, das súas obrigas e funcións atribuídas no correspondente cadro de obrigas e consignas para casos de emerxencia, aprobado pola Administración de acordo cos regulamentos aplicables.

3. De conformidade co previsto no artigo 115.2.k) da LPEMM, constitúen infraccións administrativas graves os seguintes feitos ou conductas:

a) Non lle solicita-los operadores dos buques á Administración marítima a realización das actividades inspectoras necesarias para a renovación dos certificados e outros documentos previstos neste regulamento ou na súa normativa de desenvolvemento ou, en xeral, cando tales actividades inspectoras sexan procedentes segundo a normativa vixente para o tipo e clase de buques de que se trate.

b) A obstaculización ou negativa, por parte dos operadores dos buques, a someterse ás actividades inspectoras que ordene a Administración marítima.

c) O incumprimento da obriga de mante-lo estado do buque e do seu equipo en condicións de saír ó mar, sen pór en perigo a seguridade marítima ou compromete-la integridade do medio mariño.

d) A carencia ou caducidade dos certificados previstos neste regulamento ou na súa normativa de desenvolvemento que, segundo o seu tipo e clase, sexan esixibles ós buques, sempre que tales buques chegasen a porto cos certificados caducados ou carecendo deles e non saian novamente ó mar sen os ditos certificados ou con eles caducados.

e) Incumprilas prescricións que en materia de aprobación e homologación de aparellos, elementos e equipos dos buques se conteñen neste regulamento ou na súa normativa de desenvolvemento, agás o disposto no artigo 44.5.

4. De conformidade co previsto no artigo 115.2.m) da LPEMM, constitúen infraccións administrativas de carácter grave os seguintes feitos ou conductas:

a) O incumprimento das normas sobre afundimento autorizado de buques e a realización de remolques sen a autorización correspondente.

b) A navegación sen o equipo de seguridade completo que se reflicte nos certificados ou nos seus inventarios anexos.

c) Carece-lo capitán, os oficiais ou algún membro da dotación dos buques do referendo de recoñecemento ou expedición de títulos previsto no Convenio STCW.

5. De conformidade co previsto no artigo 115.3.c) da LPEMM, constitúe infracción administrativa de carácter grave a carencia, deterioración ou inexactitude grave da documentación regulamentaria do buque. Para os efectos da súa máis precisa cualificación, considérase incluído na dita infracción a carencia, deterioración ou inexactitude grave dos certificados de recoñecemento que deban levarse a bordo dos buques.

6. De conformidade co previsto no artigo 115.3.j) da LPEMM, constitúe infracción administrativa de carácter grave o incumprimento das normas sobre utilización de estacións e servizos radioeléctricos polos buques.

7. De conformidade co previsto no artigo 115.3.l) da LPEMM, constitúen infraccións administrativas de carácter grave os seguintes feitos ou conductas:

a) O inicio da construción de buques sen a preceptiva autorización do director xeral da Mariña Mercante.

b) A realización das transformacións, reformas, reparacións ou, en xeral, cambios que poidan afecta-la seguridade marítima ou xerar contaminación mariña, na estrutura, máquinas, equipo e demais compoñentes dos buques sen a preceptiva autorización do director xeral da Mariña Mercante.

c) A realización da botadura do buque sen a autorización correspondente.

d) A realización das actividades citadas nas alíneas a), b) e c) deste número, incumprindo ou contravindo as condicións da pertinente autorización.

8. De conformidade co previsto no artigo 115.3.m) da LPEMM, constitúe infracción administrativa de carácter grave o desmantelamento ou afundimento voluntario dun buque sen levar a cabo as inspeccións e controis prescritos neste regulamento.

9. De conformidade co previsto no artigo 115.3.ñ) da LPEMM, constitúen infraccións administrativas de carácter grave os seguintes feitos ou conductas:

a) O incumprimento do deber de facilita-la información que regulamentariamente se lles deba subministrar ás autoridades marítimas ou facelo de modo incorrecto. Para os efectos da súa máis precisa cualificación, considérase incluído na dita infracción o incumprimento por parte das empresas operadoras ou do capitán ou patrón de pór en coñecemento dos órganos competentes en materia de inspección os feitos que poidan dar lugar á realización dos recoñecementos extraordinarios e dos recoñecementos para a utilización de remolques.

b) A desistencia tácita por parte do estaleiro ou do taller titular dunha autorización de construción, transformación, reforma ou reparación de buques, sen llo comunicar, tal como prescribe este regulamento, á Administración marítima.

c) O incumprimento polos capitáns ou patróns dos buques da obriga de lle notificar á Administración marítima as avarías, accidentes de consideración, defectos que se descubran e prácticas de reparación dos buques e dos seus equipos e elementos, sempre que poidan afecta-la seguridade marítima ou poñer en perigo a integridade do medio mariño.

10. De conformidade co previsto no artigo 115.4.c) da LPEMM, considérase infracción administrativa de carácter grave o incumprimento das disposicións vixentes sobre elementos, instalacións e documentos a bordo para a prevención e o control das operacións de evacuación de refugallos ou outras substancias.

Artigo 52. *Infraccións moi graves.*

1. De conformidade co previsto no artigo 116.2.a) da LPEMM, constitúen infraccións administrativas moi graves os seguintes feitos ou conductas:

a) Ordena-lo capitán ou patrón do buque ou emprender este a navegación, facendo periga-la súa seguridade, tras se negar a someterse ás actividades inspectoras prescritas pola Administración marítima.

b) Ordena-lo capitán ou patrón do buque ou emprender este a navegación, con perigo para a súa seguridade, logo de incumprila obriga de lle notificar á Administración marítima as avarías, accidentes de consideración, defectos que se descubran e prácticas de reparación do dito buque e dos seus equipos, sempre que se poida poñer en perigo a seguridade marítima ou a integridade do medio.

c) Ordena-lo capitán ou patrón do buque ou emprender este a navegación, facendo periga-la súa seguridade, sempre que o estado real do buque ou dos seus equipos difira notoriamente do que indican os seus certificados previstos neste regulamento ou na súa normativa de desenvolvemento.

2. De conformidade co previsto no artigo 116.2.b) da LPEMM, constitúe infracción administrativa moi grave a alteración substancial realizada na construción dos elementos de salvamento dos buques, respecto das características dos prototipos que fosen oficialmente homologados en aplicación deste regulamento e na súa normativa de desenvolvemento.

3. De conformidade co previsto no artigo 116.2.c) da LPEMM, constitúe infracción administrativa moi grave o incumprimento das normas ou instrucións das auto-

ridades marítimas sobre depósito, manipulación, carga, estiba, desestiba, transporte ou mantemento de materias explosivas ou perigosas a bordo dos buques.

4. De conformidade co previsto no artigo 116.2.e) da LPEMM, constitúe infracción administrativa moi grave contratar ou permitir exercer-las funcións de capitán, patrón ou oficial encargado da garda durante a navegación a quen non se atopa en posesión de titulación suficiente que legalmente o habilite para iso, así como exercer sen a referida titulación tales funcións agás no caso das embarcacións de recreo.

5. De conformidade co previsto no artigo 116.2.f) da LPEMM, constitúe infracción administrativa moi grave a falta de coñecemento ou cumprimento por parte dos membros da tripulación dos buques españois de pasaxe, das súas obrigas e funcións atribuídas no correspondente cadro de obrigas e consignas para casos de emerxencia, aprobado pola Administración de acordo coas normas aplicables.

6. De conformidade co previsto no artigo 116.2.g) da LPEMM, constitúe infracción administrativa moi grave o incumprimento das normas ou resolucións da Administración en materia de tripulacións mínimas de seguridade ás que se refire o artigo 77 da LPEMM.

7. De conformidade co previsto no artigo 116.2.h) da LPEMM, constitúe infracción administrativa moi grave ocasionar accidentes ou verse implicado neles, sempre que resulte acreditado que tales accidentes foron debidos, en todo ou en parte, a incumprimentos das obrigas previstas neste regulamento.

8. De conformidade co previsto no artigo 116.3.a) da LPEMM, constitúe infracción administrativa moi grave a navegación sen sistemas de sinalización regulamentariamente establecidos que permitan a localización e visualización permanente do buque.

9. De conformidade co previsto no artigo 116.3.b) da LPEMM, constitúe infracción administrativa moi grave a navegación cos certificados, enumerados neste regulamento ou na súa normativa de desenvolvemento, caducados.

10. De conformidade co previsto no artigo 116.3.h) da LPEMM, constitúe infracción administrativa moi grave o falseamento polos capitáns ou patróns dos buques dos datos notificados á Administración marítima relativos ás avarías, accidentes de consideración, defectos que se descubran e prácticas de reparación dos buques e dos seus equipos e elementos, sempre que poidan afectar á seguridade marítima ou poñer en perigo a integridade do medio mariño.

CAPÍTULO III

Sancións e medidas e accesorias

Artigo 53. *Sancións.*

As infraccións previstas neste regulamento e na súa normativa de desenvolvemento serán sancionadas coas multas e, se é o caso, sancións accesorias previstas no artigo 120 da LPEMM.

Artigo 54. *Medidas non sancionadoras.*

As infraccións darán lugar, ademais da imposición da sanción pertinente, á adopción, cando proceda, das medidas previstas no artigo 121 da LPEMM.

Artigo 55. *Indemnización por danos e perdas.*

Cando non for posible a restitución das cousas ou a súa reposición ó estado anterior e, en todo caso, cando

se produciren danos e perdas, os responsables da infracción deberán aboa-las indemnizacións que procedan, segundo os criterios enunciados no artigo 124 da LPEMM.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

21830 *REAL DECRETO 1949/2000, do 1 de decembro, polo que se modifica o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta.* («BOE» 289, do 2-12-2000, e «BOE» 306, do 22-12-2000.)

A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 2103/1996, do 20 de setembro, operaron unha profunda reforma no sistema de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, así como no funcionamento dos servicios colexiais de avogados e procuradores encargados da súa prestación.

A día de hoxe pode afirmarse, con carácter xeral, que os aspectos básicos da citada reforma están plenamente consolidados, o que permite introducir modificacións que comportarán unha mellora na calidade dos servicios que os colexios e os profesionais prestan a quen carece de recursos económicos suficientes para litigar.

Así, modifícase por un lado a periodicidade coa que o Ministerio de Xustiza realiza os pagamentos necesarios para retribuí-los avogados e os procuradores polas actuacións realizadas. Ata agora tales pagamentos viñéronse efectuando con carácter semestral, o que supón que, pola propia mecánica de aplicación desta subvención, pode transcorrer excesivo tempo desde que o profesional realiza unha actuación ata que percibe de forma efectiva a retribución correspondente. Por iso, modificando os artigos do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta que fan mención a este aspecto, resulta apropiado introducir unha periodicidade trimestral, posibilitando así unha maior continuidade no funcionamento do sistema e unha mellora na prestación dos servicios.

Por outro lado, substitúese o anexo II do citado regulamento (módulos e bases de compensación económica) por unha nova versión, na que destaca, por unha parte, a actualización das contías retributivas asignadas a determinados procedementos tramitados polos avogados, o baremo dos cales se encontraba desfasado, e, por outra, a inclusión de novos conceptos, como consecuencia de circunstancias sobrevidas [en especial, a aprobación da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, que esixe a introducción do concepto «vía administrativa previa (estranxeiría e asilo)», como actuación profesional retribuída pola Administración]. No que respecta ás actuacións realizadas polos procuradores, por primeira vez se modulan estas asignando retribucións en función da súa complexidade.

Finalmente, engádense no anexo III do regulamento (momento do dereito á percepción da indemnización) as necesarias especificacións derivadas da introducción dos novos conceptos.

Sobre este real decreto emitiron informe o Consello Xeral do Poder Xudicial e mailos Consellos Xerais da Avogacía Española e dos Colexios de Procuradores dos Tribunais de España.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza, do Interior e de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 1 de decembro de 2000,